

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de abril de 2018
Duración	Desde as 20:44 ata as 0:12 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
32685426B	Elisa Marqués Parrilla	NON
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luis González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ

35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta da sesión anterior. (nº 1/2018 ordinaria, de 23 de febreiro e nº 2/2018 extraordinaria de 2 de marzo)

Conforme ao preceptuado non artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o Señor Presidente pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 1/2018 ordinaria, de 23 de febreiro.

Sr. Núñez Troncoso: Boas tardes, hai que modificar na páxina seis a miña intervención, no segundo párrafo, líña tres, despois do importe que ven aí 209.554, “posiblemente intuimos que o señor concelleiro non menciona nada e vainos traer”, aí pon, “vaimos ter”, sería vainos traer.

No folio oito na intervención do alcalde, no primeiro párrafo na última liña o alcalde manifesta, “si fora un dos teus compañeiros do goberno a ignorancia pode ser un atenuante pero non no teu caso” quería saber si o alcalde vai manter a mesma manifestación.

Sr. Alcalde: non.

Sr. Núñez Troncoso: non, correcto.

Sr. Alcalde: os teus compañeiros non estaban no goberno do PP.

Sr. Núñez Troncoso: ben, está ben sabelo.

Sr. Alcalde: máis.

Sr. Núñez Troncoso: quería tamén lembrarlle ao señor concelleiro de vías e obras a contestación que fai o alcalde, que está no folio sete o final da penúltima pregunta, eu pregunto, “¿está dentro do proxecto de Ataúde maior?” e o alcalde contesta que

“non”. Lembrarlle ao señor concelleiro que isto foi realmente o que dixo o alcalde na acta polo tanto este que lle fala non é ningún mentireiro tal como manifestou na reunión cos provedores nos días posteriores.

Sr. Alcalde: ben pasamos entón a acta do Pleno nº 2/2018 extraordinaria de 2 de marzo, algo que obxectar?

Non existindo mais observacións, **sométense a votación as actas da sesión nº 1/2018 ordinaria, de 23 de febreiro e nº 2/2018 extraordinaria de 2 de marzo quedando aprobadas por SETE votos** a favor dos Sres./ras. Concelleiros/as, Marcos D. Besada Pérez, José Luis González Rodríguez, M^a Dolores Castiñeira Alén, Miguel González González e M^a Teresa Pérez González de Movemento Salceda; e Verónica Tourón Domínguez e Ángela Ledo Souto de PsdeG-Psoe e **SEIS ABSTENCIÓNS** dos Sres./ras. Concelleiros/as, Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Primitivo González Souto, Mirian González Rodríguez e Ángela Valcárcel Bernández do Partido Popular e da Concelleira Carla M^a Pérez Pérez de Movemento Salceda por non asistir a sesión.

Sr. Rodríguez Davila: por cuestión de orden, quería, ben, como vostedes poden comprobar nos acompaña hoxe a nova secretaria municipal a cal lle damos a benvida, quería ter un recordo e unhas palabras para a ex-secretaria municipal, Noemí Sirera, á cal o alcalde non lle renovou no seu posto como secretaria municipal na nosa corporación municipal, desde o noso grupo transmitirle o noso cariño, sabemos todos o que sucedeu desde o pleno do 23 de febreiro ata o seu cese por parte do alcalde, nese pleno onde a secretaria manifestou publicamente que tiña que deixar o señor alcalde someter a votación a retirada da orden do día dun punto, pois o luns seguinte houbo unha reunión na alcaldía e uns días despois esa persoa colleu unha baixa, despois houbo un pleno extraordinario e días despois, houbo o cese, eu digo o que dixen e solicito á señora secretaria municipal que recolla en acta o que dixen creo que é claro e que cada un loxicamente pense o que estime oportuno. O que acabo de dicir creo que o dixen claro, manifestando o que sucedeu desde o pleno do día 23 de febreiro ata o cese da señora secretaria municipal, é o que teño que manifestar en nome de este grupo, nada máis.

Sr. Alcalde: en primeiro lugar a secretaria municipal Berta Alonso é secretaria municipal de Salceda non é unha benvida, é secretaria municipal que está en comisión de servizos en Cangas.

Sr. Rodríguez Davila: ¿non é benvida entón?

Sr. Alcalde: non, estou dicindo que é a secretaria municipal que está en comisión de servizos en Cangas e neste momento está acumulada en Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: É benvida ou non é benvida?

Sr. Alcalde: sí, sí claro, pero non é a nova Secretaria. Da baixa acabo de enterarme agora e ademais é de bastante mal gusto falar dunha persoa que non está presente, pero bueno, retrata claramente o tema e ademais creo que non é cuestión deste pleno porque a secretaria municipal actual está presente y a secretaria que citas concursou no mes de novembro libremente, non a obrigou ninguén e tocoulle unha praza polo cesou no seu cargo seguindo os tramites e a legalidade establecida en base ao seu concurso do mes de novembro.

Sr. Rodríguez Davila: o que acabo de manifestar creo que non é de mal gusto, falar de esa persoa cando digo o que dixen e me reafirmo no que dixen e desexo e espero que quede recollido en acta tal como o dixen, nada máis.

Sr. Alcalde: iso por suposto.

2. Expediente 1216/2018. Modificación inventario Público de Camiños. Incorporación ao inventario dun antigo camiño, "Camiño Debaixo do Eido"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Dase conta da proposta de alcaldía de 19.04.2018, que literalmente di:

"Considerando que o 13 de marzo de 2018 D. Enrique e José Rodríguez Martínez, presentaron instancia interesando a incorporación ao inventario municipal de camiños un antigo camiño, situado en Parderrubias - Revolta lugar de "Eido de Abaixo".

Considerando que o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe n° 2018-0087 do 19 de abril, no que fai contar que "(...) desde o punto de vista técnico non se observa impedimento para incorporar dito camiño ao inventario de vieiros públicos municipais. Quedando a criterio da Corporación Municipal a súa incorporación ao inventario municipal. Pasando a denominarse "Camiño Debaixo do Eido".

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente a modificación do Inventario de Camiños Públicos Municipais aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada o 28/06/2014 e publicado no BOP de Pontevedra o 12 de xullo de 2013. A modificación afecta a un*

antigo camiño situado en Parderrubias – Revolta, lugar de “Eido de Abaixo”, tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2018-0087 do 19 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.

SEGUNDO: *Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.*

TERCEIRO: *Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerárase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitírase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.*

CUARTO: *Notificar este acordo aos interesados.”*

Sr. Alcalde: estamos facendo o traballo do inventario municipal de bens nos epígrafes, entre outros, fincas rústicas e fincas urbanas, nesta semana me consta que a empresa que está redactando e facendo o traballo do inventario neses epígrafes.

Como ben sabedes existe o inventario municipal de bens, no apartado de camiños públicos e agora o que vamos a incorporar é o resto dos epígrafes do inventario, fincas rústicas e urbanas, inventario de bens mobles, en fin, para completar dunha vez por todas e despois de moitos anos o último inventario municipal de bens, que é de 1968, tendo os datos concretos actualizados xeo-referenciados a día de hoxe.

Estamos falando de case trescentos elementos, fincas e elementos do primeiro borrador que se establece por parte da empresa. Estamos facendo un traballo de campo importante, o noso obxectivo é traelo o próximo pleno ordinario do mes de xuño para a aprobación inicial, esta semana a empresa reuniuse cos grupos do Partido Popular e Partido Socialista para, en principio, presentarlle o propio inventario, as súas características, os libros de ruta e tamén os criterios.

Froito dese traballo, tras facer limpezas de espazos e aparecer outros espazos que non coñeciamos, algúns deles tráense hoxe a pleno, como é a aparición de vellos camiños que existían pero que quedaron sepultados no esquecemento ou tamén en base a aportacións e a presentacións por rexistro de documentación por parte dos veciños, como xa temos feito noutra ocasión.

Concretamente no lugar da As Nais en Parderrubias, na Revolta, dous vellos camiños públicos que aparecen grafiados historicamente, que aparecen no voo americano en 1956 segundo consta no expediente e que foron substituídos, ou ben foron abandonados, ou ben foron incluso sepultados polo paso do tempo, este punto número dous da orde do día e o punto número tres están referenciados nese espazo das Nais, un como camiño Baixo do Eido e outro como Camiño das Nais, e o que facemos, que o temos feito noutras ocasións é, tras o informe pertinente polos

servizos técnicos municipais, facer esa aprobación inicial, seguida dun período de exposición pública e se non hai nada que obxectar se incorporarían ao actual inventario de camiños públicos.

Sr. Rodríguez Davila: este grupo despois de ter visitado o sitio en cuestión, despois de falar unhas tardes atrás e na tarde tamén de onte con varios veciños, despois de ver a documentación, de falar con outros veciños da parroquia, de un pouco intentar saber de onde ven esta demanda ou de onde partimos e dado que unha cousa é velo aquí en documentos e no plano e outra cousa é estar alí e ver os metros cadrados dos que estamos a falar, do que se plantexa e do que se nos transmite na comisión, o que se pretende aquí é dar de alta dous camiños novos públicos.

No futuro segundo se manifestou na comisión informativa preténdese eliminar o camiño actual, é dicir, vindo da estrada autonómica principal dirección a este lugar de As Nais facer un tipo Y e deixar digamos no medio o terreo que é de propiedade municipal, un resalido municipal. O que se nos plantexa neste caso é facer dúas estradas dun ancho inicial de tres metros que é máis ou menos o que temos agora mesmo e polo tanto o que pasaríamos a ter é dous camiños públicos de tres metros de ancho, si agora o camiño non é suficientemente ancho, pois o que vamos a facer é ter dous pero da mesma anchura, polo tanto a solución en vez de mellorar ou empeoramos ou cando o menos quedamos parecido.

Dado o que acabamos de manifestar fai un momento e dado que os veciños que viven na contorna e o arredor deste lugar polo que nos falamos, é certo que non falamos co cen por cen pero si cun oitenta por cen dos veciños, o plantexamento que se fai non lle parece acorde, o que vai a propoñer este grupo é solicitar ao alcalde que someta a votación a retirada do punto da orde do día para consensuar cos veciños e cos grupos políticos unha alternativa que beneficie a todos. Nos non estamos en contra de ordenar ese espazo, o contrario, teño que dicir que o noso grupo levaba no noso programa electoral o adecentamento dese espazo do que estamos a falar, o que non estamos de acordo é plantexar dous camiños públicos polos laterais tal como se expón nesta proposta, polo tanto o que pedimos é a retirada do punto da orde do día para ter un debate sosegado e con todas as persoas implicadas, cos colectivos da parroquia e tamén por suposto cos grupos representados aquí na corporación.

Debemos chegar a unha proposta que acade o maior consenso posible e que creo que nese espazo cos metros cadrados dos que estamos a falar cunha única vía tanto por un lado coma polo outro ou por onde se decida é máis que suficiente, pero é mellor ter unha única vía de cinco ou seis metros de ancho con accesos tanto nos ramais como tamén acceso ás vivendas e non plantexar dous camiños de tres metros de ancho que é o que temos agora, esa é a nosa proposta e xa digo, en aras de sumar, obter iniciativas de consenso e de chegar a un acordo entre todos, para nada estamos en contra de mellorar ese espazo, xa digo, ía no noso programa electoral, outra cousa é o plantexamento que trae o equipo de goberno que nos parece que en vez de

mellorar a situación nese sitio o que fai é non solucionar nada, é máis, se fixo actuación con cartos do concello, investiuse nunha mesa que colocaron os veciños e agora si se aproba isto aquí en pleno hai que retirar a mesa de onde está colocada, porque a anchura que do camiño, collería a mesa ou pasaría cerca da mesa. Loxicamente no plano non aparece a mesa recollida e polo tanto estamos falando un pouco de estar encima do terreo e ver máis menos porqué non está recollido aquí, e logo tamén se botou unha serie de xabre alí cando as chuvias e levou encima das propiedades todo o alí invertido, que loxicamente non é moito pero é diñeiro público e creo hai que gastar con rigor e cando se fai unha actuación pensar ben o que se fai e non facer por facer. Ese é o noso plantexamento, que se retire tanto esta proposta como a seguinte da orde do día para abrir un debate cos grupos, cos veciños e coas asociacións desa parroquia para entre todos buscar a mellor solución. Si é esta a solución, que igual sae esta, pois que sexa ratificada polos mesmos pero polo que nos podemos ver nos últimos días moito, moito aplauso nesa zona non acolleu esta proposta. Polo tanto, con respecto ao artigo 92 do ROF, recolle que cada concelleiro pode plantexar ao pleno a someter por parte do alcalde a retirada da orde do día e é ao que apelo en nome de este grupo.

Sr. Alcalde: a modo aclaratorio ou eu estiven noutra comisión, que creo que non, ou o que estas plantexando non é o que se trae hoxe aquí no orde do día, estamos falando de inventariar dous camiños de toda a vida, que están documentados en documentos dos propietarios colindantes e nada máis, no seu momento elimináronse eses dous camiños deixándolle xuridicamente en indefensión ás persoas que tiñan os terreos colindantes, non se sabe moi ben porqué, o fixo o PP dos anos 80, non sei porqué se eliminan dous camiños en núcleo rural sobre terreos que lindan con camiño público e hoxe en día non lindan. Esa é a situación e o único que se traslada e haberá máis casos, porque no resto dos terreos tamén apareceron casos similares, entón, o único que se fai, non estamos falando de facer un novo espazo, nin ningún tipo de espazo, inventouse un camiño que non existía e aos terreos colindantes eliminóuselles un camiño público documentado, que está no expediente, un documento do ano 1926 ,que indica que linda con camiño público que hoxe non existe.

Do que se trata é de buscarlle solucións, pasará o mesmo no Cruceiro Pinto que é un caso parecido e outros casos, o de que se vai a facer un espazo novo, que se van a montar dous camiños e eliminar o existente, eu desde logo, non sei onde está no expediente, que non está, e non sei de onde quitaches esa historia, desde logo non é o que se trae hoxe a colación aquí, é simplemente algo que se fixo mal no seu momento, se lle sacou un dereito aos propietarios, dentro de núcleo rural hai unha documentación acreditativa no expediente abalada polos técnicos municipais e único que se fai é recuperar eses camiños que sempre existiron documentalmentemente e está aí o expediente para inventariar, a partir de aí o que se faga a posteriori pois se fará a posteriori si corresponde ou no, non ten nada que ver co que estas comentando. Non sei de onde sacas que se pretende facer un novo espazo, non se trata, iso non é do que estamos falando no pleno, estamos falando de introducir dous camiños e se

introducirán máis porque no proceso de limpeza e de recuperación de levantamento e de investigación de moitos de eses resalidos municipais fixéronse outro tipo de obras de maneira ilegal, irregular ou ilegal, que lle deixa dereitos xurídicos aos propietarios que haberá que resarcilos e non hai nada máis que iso e si ao final se decide ou non, pero iso é un tema que será a posteriori cando se considere a recuperación de certos espazos.

Neste proceso de inventario, igual que se fixo ata agora cos que están inventariados ou rexistrados, haberá un período de exposición pública e cada un dirá o que teña que considerar. e se tomará a decisión que se considere oportuna polo goberno de turno, non estamos nese proceso, o proceso é simplemente de trasladar unha realidade xurídica e física e histórica que se rompeu neste caso prexudicando os propietarios colindantes, que lindaban con camiño público que está verificado ademais coa documentación que está no expediente, concretamente co voo americano e que todo o mundo sabe. Concretamente nas Nais foron camiños que historicamente existiron e nada máis é o que se trata neste punto, ninguén vai a facer un novo viario, nin se vai a abrir unha nova pista, nin se vai transformar a pista actual en dúas. É máis, a estrada neste caso ata as Nais segue no inventario, non eliminamos un camiño para montar dous, iso é ciencia ficción, simplemente iso é unha decisión que se tomará, evidentemente será co consenso dos veciños, non vai ser en detrimento dos veciños pero o que se trae hoxe, por aclarar definitivamente, o que se trae hoxe na orde do día é inventariar tras petición dos que teñen dereito a pedilo e demostrando en documento público o que é unha realidade, e o que é un linde con camiño público e todos sabemos que para que unha parcela ou unhas parcelas teñan condición de solar teñen que lindar con camiño público, non poden lindar con resalido municipal iso é unicamente a cuestión que se traslada aquí. O resto no seu momento, unha vez que haxa realidade xurídica, se decidirá de maneira consensuada cos veciños, como non pode ser de outra maneira.

Por outra parte, digo por aclarar porque acabas de comentar algo que non é do que se trata aquí, aquí se trata de pasar unha realidade xurídica a unha realidade de inventario, os dereitos téñenos igual, se aprobe o inventario ou non, pero eu creo que hai que facer o que xa fixemos cos cincocentos oitenta e tres casos anteriores, que é ordenar e regular para que o concello saiba exactamente cal é a realidade xurídica, física e por outra parte isto será obxecto dunha exposición pública e serán os propietarios ou calquera persoa que poida presentar alegacións, como fixemos ata agora, se as alegacións demostran que hai outro tipo de datos ou documentos que acrediten que non é así, o pleno terá unha segunda oportunidade para decidir finalmente en base a toda esa documentación, pero o lóxico neste momento é que dado que vai a haber un período de exposición pública se traslade a exposición pública e a partir de aí se tome a decisión final, non se vai a decidir agora si se inventarían ou non, dígoo por aclarar do que se trata, estar facendo política ficción ou o que se vai a facer no futuro non é a pretensión, desde logo, do punto da orde do día.

Sra. Tourón Domínguez: boas noites a todos, con respecto a este punto eu teño unha dúbida, para empezar o señor alcalde di que había peticións dos afectados que no seu día tiñan un camiño por alí e figura nas escrituras, concretamente da petición do punto número tres o do camiño das Nais eu miro o rexistro de entrada, un recibo de rexistro electrónico que di que foi pola interesada pero eu non teño a solicitude de esa persoa no expediente máis que un recibo electrónico que o di.

Sr. Alcalde: todas as peticións a día de hoxe son unha petición por escrito.

Sra. Tourón Domínguez: digo por que eu non o teño, na carpeta da comisión informativa non estaba, a electrónica eu non puiden acceder a ela, por iso, pero a electrónica que nos accedemos non é esa de papel que esta aí, pregunto.

Sr. Alcalde: estamos co proceso de transformación dos expedientes escritos aos dixitais.

Sra. Tourón Domínguez: si, si, entendo, eu solo pregunto porque non a teño eu non puiden acceder, pero por iso quería saber si era de oficio ou non era de oficio. Si se vai a facer algo alí despois ou non se vaia facer eu non sei de onde o quitou o compañeiro do Partido Popular, eu desde logo o quitei do que dixeran os propios veciños, que o señor alcalde estivo alí cun provedor do concello e cun técnico do concello en palabras dos veciños, dicindo o que probablemente se faría alí, co cal entendo que nos non falamos de ciencia ficción, nin política ficción, nin nada polo estilo. Os veciños o que contan é que alí xa houbo unha proposta, entón eles si alguén vai alí xa e presenta algo futuro eles xa pensan que ese futuro se pode facer. Eu teño ben claro que aquí o que se vai a aprobar non é iso, o que se presentan son os camiños pero tamén é verdade que na comisión se preguntou, medio se preguntou, si algo se ía facer. O que se respondeu na comisión foi que se faría algo alí no medio ou xa se mirará no futuro, iso o dixo vostede, así que non o quitamos tampouco nos de ningún sitio.

Eu creo que, o compañeiro do Partido Popular presentou outra opción, eu non me atrevo nin a presentar a opción do señor alcalde nin a do voceiro do Partido Popular, eu creo que aquí o que hai que facer é sentarse cos veciños e falar con eles, mirar cal é a postura que supoña menor dano posible, que se chegue a un consenso, o que non podemos facer é o mesmo que vostede di, que se lle quitaron os dereitos a esas persoas, que eu non digo nin que si nin que non, xuridicamente habería que avalialo. O que si creo é que alí hai un camiño feito que ten tres metros e medio máis ou menos desde fai case corenta anos e a xente non quere que llo quiten.

Este tipo de cousas é verdade que as piden uns veciños, pero se prexudican a alguén ou os veciños da zona non están de acordo, creo que o primeiro que hai que facer é sentarse a falar con eles e mirar que pasa, que propoñen e que é o que se pode facer

no futuro, porque se ben é verdade que agora non se vai a aprobar, eu entendo que facer os dous camiños das esquinas será para que nun futuro algo se faga, se non non ten moito sentido que haxa un camiño polo medio, se fagan dous máis e queden tres camiños, digo eu que ese non será a forma de gobernar.

Sr. Alcalde: ¿ti mirache a documentación Verónica?

Sra. Tourón Domínguez: eu mirei a documentación, efectivamente nas escrituras aparecen como uns camiños pero volvemos ao mesmo, eu creo que hai que falar cos veciños, que xa está ben de facer a política e de decidir con dous veciños dun lado e con dous veciños do outro e non falar co resto de afectados e de como quedan alí. Paréceme que non é fora de lugar o que está pedindo o grupo do Partido Popular, porque se todos os que están afectados facendo eses camiños ou facendo eses cambios que se propoñen, non están todos de acordo, haberá que intentar ir a facer o menor dano posible e facer as cousas co maior consenso posible dos veciños. Se ben é verdade que reunirse e que todos se poñan de acordo é complicado, gobernar é para o bo e para o malo e iso é o primeiro que hai que facer antes de facer ningún cambio de algo que leva, segundo din os veciños e que eu mesma non recordo outro camiño que non sexa ese. É verdade que os veciños que viven alí e algúns que son da zona que naceron alí, din que a lo menos ten case corenta anos, eu creo que non é desatinada a petición do compañeiro do Partido Popular e creo que hai que falar cos veciños, non teño moito máis que dicir.

Sr. Alcalde: antes de que fale Miguel, axustémonos ao que se trae na orde do día, non falemos de hipóteses futuribles, a retirada do punto da orde do día ou ese tipo de temas ten que estar baseado na motivación e a motivación non pode ser hipotética, ten que ser real por iso che digo si miraches o expediente, aquí estamos falando do que se trae na orde do día, o que se faga a futuro decidiraos o goberno de turno e falarao cos veciños, como se fai noutros casos, digo por centrar, o que estamos traendo na orde do día é trasladar ao inventario o que xuridicamente e historicamente hai, nada máis, non é porque se vai a substituír a estrada de fai corenta anos que, repito, eliminou ou deixou en desuso dous camiños ata que agora o limpamos e o recuperamos, e houbo peticións dos propios propietarios onde se lles deixou sen un dereito xurídico, nada máis e nada menos, sobre uns terreos que tiñan un camiño público demostrable en documentos, por iso están os documentos. Eu non traio nada aquí de oficio, sempre o traemos por petición, con documentación e ademais está abalado polos técnicos municipais, non se vai a eliminar o camiño do medio, está a estrada das Nais e como tal está no inventario, igual non se elimina, iso será a futuro non no presente, axustémonos ao que se trae na orde do día, na documentación e nos avais técnicos.

A retirada do asunto sempre ten que ter unha motivación e a motivación non pode ser o que pasará no futuro. É evidente que falamos cos veciños e con moitos, empezando polos propietarios afectados que son os que traen aquí o expediente. Por

certo para que alí haxa unha mesa supoño que se falaría cos veciños, non? Digo eu non sei.

Sr. González González: máis ou menos o que ía dicir eu xo dixeches ti, xa non ten moito sentido, é dicir, hai que centrar o tema evidentemente, alí hai dous camiños históricos que cando os veciños pediron que lle limpáramos aquilo un pouco e que llo arrombásemos, fíxose unha actuación mínima de limpeza, sacar pedras, sacar silvas, sacar arames, aquilo era un vertedoiro e o que se fixo foi limpar, botar un pouco de xabre como di o Sr. Rodríguez Davila, e os veciños pediron por alí unha mesa para sentarse a charlar, pois pagámoslle a mesa con diñeiro do concello. Evidentemente é un espazo público municipal e colocárona eles un sábado e fixérona eles. Todos os veciños que estiveron alí con nos, sobre todo os maiores, a señora máis maior de alí, meu tío que tamén vive alí, Arxentina que naceu alí e ten oitenta e tantos anos, todos saben que existían eses camiños, os dous camiños e dixeron exactamente por onde ían e por onde pasaban. Un deles está perfectamente delimitado porque está todo marcado con pedras ancestrais alí, o outro non estaba tan claro pero todos dixeron que era por aquel sitio, que é o que vai cerca da mesa aquela e efectivamente cando veñen aquí os propietarios tanto da marxe dereita como da esquerda, dicindo que eles teñen un dereito, uns queren facer unha segregación outros queren que lle quede un solar edificable, evidentemente aquilo é núcleo como dixo Sr. Alcalde. Ti non podes retirarlle os dereitos, eles veñen cunha documentación que acredita que eles lindan con camiño público non con espazo público municipal, evidentemente o camiño do medio foi inventariado pero iso non lle quita o dereito aos lindantes. Iso é o que se vai traer hoxe aquí como ben dixo o Alcalde, o demais que falemos por aí de que no futuro se vai a facer ao mellor un espazo central ou tal, iso haberá que falalo na seguinte corporación seguramente, non vai ser nesta case seguro, e falarase cos veciños.

Como di a Sra. Tourón Domínguez e como di o Sr. Rodríguez Davila haberá que sentarse, todo o que queirades, pero iso non é o que se trae hoxe aquí o pleno, nada máis.

Sr. Rodríguez Davila: resulta que se trae unha cuestión que o alcalde interpreta que non é a mesma cuestión, que resulta que dixemos nos que de onde sacamos o que se pretendía facer. Na comisión na que estivemos nos, ou nos non estivemos na mesma comisión ou vostede non se acorda do que dixo, ou o que se manifestou alí.

Vostedes o que pretenden facer hoxe aquí, efectivamente, é recoñecer dous novos camiños públicos, e cando se recoñecen uns novos camiños públicos, resulta que polo que vostede manifestou aquí pretende incorporalos ao inventario de camiños públicos do noso concello e deixalos aí, iso foi máis menos o que manifestou, porque si non é así, vostede ten que actuar sobre os mesmos, vostede non, o concello propietario deses camiños e na formulación que se trae a este pleno, se pretenden abrir dous novos camiños públicos, que non están abertos e levan máis de corenta

anos a situación como está. Como se dixo hoxe aquí por parte de todos, si vostedes pretenden incorporar dous camiños públicos novos, haberá que abrilos, haberá que asfaltarlos e vostedes pretenden asfaltarlos a tres metros de ancho cada un deles, como aparece na propostas que vostedes traen aquí al pleno.

Sr. Alcalde: dime onde está iso no expediente que se trae a pleno.

Sr. Rodríguez Davila: aquí.

Sr. Alcalde: cómo imos a asfaltar dous camiños de tres metros?

Sr. Rodríguez Davila: isto é a proposta que vostede trae aquí.

Sr. Alcalde: pero permíteme un momentíño, dos cincocentos oitenta e tres camiños a metade son camiños de toda a vida, sen estar asfaltados.

Sr. Rodríguez Davila: estou intervindo eu alcalde.

Sr. Alcalde: te estás inventando algo que non está no expediente.

Sr. Rodríguez Davila: ¿que non está no expediente? Resulta que non está no expediente.

Sr. Alcalde: ¿pasamos o expediente ao público? ¿O que estás dicindo está no expediente ou non?

Sr. Rodríguez Davila: si

Sr. Alcalde: onde está que vamos a asfaltar dous camiños, que son camiños novos, dime onde está. Axústate ao expediente.

Sr. Rodríguez Davila: ¿me deixas seguir intervindo?

Sr. Alcalde: si, por suposto.

Sr. Rodríguez Davila: nos planos que se incorporan parecen abrir dous camiños de tres metros porque ven na topografía deste plano, de tres metros de ancho por cada lado, incluso aparece que calquera dos colindantes a ese camiño público cando pidan licenza para pechar as súas parcelas teñen que retirar, loxicamente, catro metros do eixe da estrada, de que estrada? Pois a que vamos a incorporar si se aproba hoxe aquí.

Sr. Alcalde: non é estrada é camiño público.

Sr. Rodríguez Davila: chámelle como queira.

Sr. Alcalde: non, chámolle como é.

Sr. Rodríguez Davila: estrada, pista, camiño o que vostede queira, é público e si o concello asfalta e aínda que non asfaltara, un veciño que pida peche da parcela ten que retranquear dese camiño público, estea ou non estea asfaltado, catro metros.

Sr. Alcalde: claro.

Sr. Rodríguez Davila: ben, e vostedes o que pretenden é inicialmente un camiño de tres metros e iso está neste documento que está aquí, agora que vostede queira vendernos ou darlle a volta, como vostede sempre fai, de que non vai a facer nada, pois non faga nada, para que o incorporamos, si vostede non vai a abrir a pista, si vostede non vai a arrombar a pista, non abramos a pista, nin a incorporamos, pa que a vai a incorporar?

Sr. Alcalde: ti liches o expediente?

Sr. Rodríguez Davila: si, si, claro, que o lin igual que vostede.

Sr. Alcalde: ti estaste inventando o expediente.

Sr. Rodríguez Davila: non, eu o que estou dicindo.

Sr. Alcalde: estase falando de futuro.

Sr. Rodríguez Davila: ah! De futuro! Ah, claro!, dentro de quince días, medio ano ou un ano, claro de futuro, o futuro é xa.

Sr. Alcalde: o futuro de recuperar un dereito xurídico que teñen os propietarios.

Sr. Rodríguez Davila: vostede o que está propoñendo a este pleno é que se incorpore, e non terxiverse a realidade, e non lle dea as voltas que lle queira dar, porque por moitas voltas que lle dean vostedes, a realidade é a que é, e a realidade é que se pretenden incorporar dous novos camiños públicos ao inventario municipal.

Sr. Alcalde: dous camiños públicos xuridicamente documentados.

Sr. Rodríguez Davila: dous novos camiños públicos.

Sr. Alcalde: da igual que estean no inventario ou non, que che quede claro.

Sr. Rodríguez Davila: teñen a condición de público e inventariado, ten o concello

neste caso a obriga loxicamente de mantelos, asfaltalos, etc... e se non o vai a facer, por que iso é a futuro, non os inventariemos, non os incorporemos.

O que nos plantexamos da retirada non é por capricho porque si vostede vai someter a votación, loxicamente, este grupo non pode aprobar esta proposta, precisamente pedimos a retirada para que se dialogue, para que non se imponha, para que o beneficio duns non se imponha ao beneficio dos demais, e de que vostedes falaren con todos si, pero moitos veciños lle manifestaron a vostede e máis ao señor concelleiro, máis á persoa de esa empresa que traballa asiduamente para o concello, que non estaban de acordo, e que si vostedes aproban hoxe aquí en pleno e fan no futuro o que teñen pensado facer, vai a haber lío.

Cando hai un tema que leva máis de corenta anos, e a día de hoxe ninguén protestou, polo menos nos últimos anos.

Sr. Alcalde: non sei, eu non oín a ningún veciño que trasladara que estaba en contra diso a día de hoxe.

Sr. González González: a min tampouco.

Sr. Rodríguez Davila: entón non falamos cos mesmos veciños, que casualidade, os de enfrente, os de arriba, os outros.

Sr. Alcalde: ao mellor a ti dinche unha cousa e a min dinme outra.

Sr. Rodríguez Davila: pois por iso, como hai esta dúbida deixémolo enriba da mesa, vaíamos xunto aos veciños, plantexamos o que vostede pretende aprobar aquí hoxe a ver que opinan, diante de todos, si vostedes son os abandeirados da transparencia, do diálogo, do consenso, ¿que problema hai en isto deixalo encima da mesa igual que deixamos outras cuestión en outros plenos?

Sr. González González: Sr. Alcalde

Sr. Rodríguez Davila: señor concelleiro estou intervindo eu, entón me respecta igual que eu o respectei a vostede, termino a miña intervención e logo vostede manifesta o que crea oportuno.

Sr. González González: estás falando sobre un tema que non está a debate.

Sr. Rodríguez Davila: será que vostede non ten moito que rebater ao que lle estamos manifestando hoxe aquí, que é a realidade.

Sr. Alcalde: iso é un relato inventado pero vamos.

Sr. Rodríguez Davila: concluíndo.

Sr. Alcalde: non motivas o que pides.

Sr. Rodríguez Davila: concluíndo, a petición de este grupo de someter a votación a retirada do punto da orde do día precisamente é porque non hai consenso ao respecto. Que se fale cos veciños en presenza dos membros da corporación, nos queremos estar tamén, porque ten que ser o pleno quen valide ese acordo, non é o equipo do goberno, é o pleno, polo tanto cando un ten que someter a votación, e cando un ten que dar o voto favorable. ten que ser coñecedor do que se fala diante dos veciños, do que se acorda cos veciños, non cos propietarios desas fincas colindantes, non, cos veciños afectados da contorna do que se pretende facer, iso é como se fan as cousas, pero vostedes intentan colar pola porta de atrás unha proposta súa, que xa dixen antes e volvo a dicilo, ao mellor sae esta proposta, ao mellor sae, porque ao mellor resulta que os veciños cambian de opinión ou consideran que é a mellor de todas as que formulamos os diferentes grupos ou os propios veciños, que problema hai en deixalo encima da mesa, si levaba corenta anos, que problema hai en deixalo quince días, un mes ou dous meses, que problema hai? Non ten que ser o que o alcalde queira que sexa, pois non, non, non é así, non é así. Solicito a retirada da orde do día.

Sr. Alcalde: si, ten que estar motivada, e a motivación está taxada, non é inventarse un relato para intentar quitar da orde do día porque tedes maioría, iso non é razón motivada, xa volo digo, e ademais hoxe acórdase a aprobación inicial. Os veciños cos que supostamente falaches ti comigo non falaron, neses termos non falaron.

Sr. Núñez Troncoso: si, si, falaron.

Sr. Alcalde: tráeme ao veciño que diga que falou comigo ou con Miguel neses termos que acabas de inventar.

Sr. González González: efectivamente te estas inventando unha novela Santiago, aquí o que se trae a debate é si se pasan a inventario público os camiños que son públicos ou si non se pasan, é o que se trae aquí a debate, non se trae a debate nada máis, o que haxa que facer alí ou se non se fai absolutamente nada, iso xa se verá. ¿Que ten que ver iso co que traemos hoxe a pleno? ¿ Ten algo que ver co que estas dicindo ti? Non ten nada que ver, si os veciños queren unha cousa ou a contraria xa se debaterá con eles, pero iso non ten nada que ver co debate que se trae aquí hoxe ¿ou ten algo que ver? Inventa vostede unha historieta, unha novela.

Sra. Tourón Domínguez: por fin o alcalde aceptou que está en minoría, acábao de dicir, é a primeira vez que o di.

Sr. Alcalde: eu o que acepto é que ten que haber exposición pública e os veciños que

teñan algo que dicir que o digan por escrito na exposición pública que é o lóxico, é o que marca a lei, non é o que digades vos.

Sra. Tourón Domínguez: eu o que pido é non ter que levantar a voz para facer uso da miña quenda de palabra. Eu creo que aquí todo o que se fala de que participe a xente e participen os veciños nas decisións do concello non é debate nunca, nunca se pode debater que os veciños participen nas decisión importantes e máis que importantes, as que lle afectan a eles mesmos no día a día. Os veciños da contorna do que se intenta aprobar van a sufrir, para ben ou para mal, non vou a entrar si para ben ou para mal, van a sufrir o que alí se faga.

Si o alcalde di que xa falou cos veciños, xa deu o primeiro paso agora que chegue o segundo, que é que ademais de falar, que os xunte a todos, non que o fale por partes, que os xunte a todos e que se senten a consensuar. O primeiro paso xa o deu solo fai falta o segundo, ía a facer ata un chiste, a mesa xa a teñen agora solo falta sentarse, porque eu creo que é un tema serio, calquera tema que lle afecte aos veciños da contorna hai que tratalo con eles, que é un pouco máis complicado, si, pero gobernar supón iso, gobernar supón chegar a consenso e non impoñer o que un quere facer sempre por encima do que pensan os demais.

Eu visitei veciños alí, curiosamente ata visitei a unha das que solicita o camiño e non tiña moi claro nin sequera que era o que se había solicitado. Eu non digo que non se faga ou se deixe de facer, nos o que dicimos e que se fale cos veciños antes de tomar ningunha decisión, non nos estamos opoñendo absolutamente a nada, nos estamos opoñendo que se sigan facendo as cousas a base de golpe de decisión solo do alcalde e por detrás, nada máis.

Se trae ao pleno pero sen ter en conta o que lle din os veciños, porque segundo el non llo dixeron, hai un pouco o Concelleiro de Vías e Obras dixo que ao mellor se ordenaba o do medio, que o mellor non se fai nada, eses ao mellor nos levan a que se fagan cousas como se fixo no Robás, sen consenso dos veciños e agora que haxa problemas, etc... por poñer un exemplo que se me acaba de ocorrer, pero como eses un montón. Por certo o de que pedimos nos a obra do Robás, nos o que pedimos está nun escrito rexistrado, foi un apoio a unhas firmas que pediron os veciños de limpeza e arranxo de aquilo, limpar e arranxar está ben, agora podemos ter tamén debate de se todo o que se gastou alí era necesario ou non, se había que meter tanta pedra ou non, se fai falta iluminación como un campo de fútbol ou no, ou se simplemente gastando menos, arrombando a zona e facendo aquilo un pouco máis natural, que eu creo que a xente de Salceda e a xente que vive nos contornos de Salceda fora do centro o que quere é tamén desfrutar dos espazos naturais que ten, non que empedremos todo e que fagamos granito por todos os lados.

Cinguíndonos ao tema que nos trae aquí, digo o mesmo, falar, falar, consensuar, chegar a acordos cos veciños, posiblemente non estean todos de acordo, claro que si,

é moi difícil poñelos a todos de acordo, pero eu digo que si reunimos, eu non digo reunir solo aos da parte de arriba sen os que o piden ou os de o lado, eu digo reunir os que o solicitan co resto dos veciños afectados, non pasa nada, eu creo que todos somos civilizados. Eu creo que sentarse a falar, si de verdade falou con algún ou falou con todos, eu iso non o sei pero desde logo consensuado non está, porque hai diversidade de opinións, hai distintas opinións do que se pode ou se debe facer, se debe poñerse público ou non debe poñerse público e eu non quero menosprezar os intereses de ninguén nin dos solicitantes, eu quero que se fale con todo o mundo e se chegue a aquilo que cause o menor dano o común, nada máis.

Sr. Alcalde: ben, primeiro o asunto tráese a pleno polo tanto non sei onde está a imposición, segundo hai un período de exposición pública, de alegacións, os veciños que non están de acordo poden presentar alegacións e nese proceso pódense ter todas as xuntanzas que se queiran.

Esta é a aprobación inicial, aquí non se vai a decidir nada, se vai trasladar a decisión do pleno para que todos os veciños e non só os veciños colindantes, se non tamén todos os veciños de Salceda poidan opinar o que consideren sobre esa cuestión, e o expediente está ben, desde logo está claro. No período de exposición pública, se esas persoas todas que vos dixeron unha cousa, repito a min e a Miguel non, e vos trasladades aquí é moi fácil, pa iso está a exposición pública, o proceso está regulado, por iso por lei ten que haber unha aprobación inicial e un proceso de exposición pública, cada un terá que dicir o que teña que dicir se o considera, se o que estades dicindo vos é trasladado por escrito, se estuda, se volve a traer a pleno e se decide, e que unha cousa non quita á outra, vos o que estades negando pedindo a retirada e votando en contra precisamente é que a xente fale, totalmente a inversa do que estades dicindo, e totalmente en contra do que di a lei e do que está regrado.

Eu non podo decidir por min mesmo por iso se trae a pleno, non sei cal é a parte que non se entende, que por certo aínda non escoitei falar do que pon no expediente, solo se falou do que me contaron, do que dixeron, fun por alí, do que apareceu, repito, cinguídevos ao expediente, si queredes leemos o que pon nos documentos, por certo, documentos públicos, o primeiro ano é mil novecientos vinte seis. Sobre os dereitos xurídicos que eu teño en documento público rexistrado, ¿vai afalar o meu veciño? Solo faltaría, si alí hai unha mesa neste momento será porque a solicitaron os veciños ¿ou a inventamos nos? eu aínda non vin neste pleno que alguén diga que o que di o expediente é falso, que a preexistencia de dous camiños que se deixaron en desuso é falso, que a estrada que se fixo alí non sei en que expediente está e a legalidade desa construción, non se está explicando que no inventario non se elimina a estrada existente. Falastes de supostos, posibilidades de futuro que non ten nada que ver co que está no expediente, nada, nin ten nada que ver co que se trae a pleno, nada, é unha aprobación inicial, agora non se vai a decidir nada, e o que se faga alí como se fixo ca mesa e calquera elemento que se faga alí será cos veciños e consensuado, non acabo de entender o relato, sinceramente, é máis, sendo

coherente o que estades dicindo se aproba inicialmente, como o pleno vai a decidir finalmente si se aproba ou no, a xente aporta a documentación ou os escritos que considere, iso é o que marca a lei, por iso se trae a pleno e é máis, porque estea inventariado ou non estea inventariado non lle vai a quitar os dereitos de propiedade nin os dereitos xurídicos aos veciños, porque ao mellor hai xente que se confunde, as persoas que teñen os dereitos xurídicos nun documento público do ano mil novecentos vinte e seis, vai evidentemente a esixir os seus dereitos, e non vai a ser o veciño o que lle diga si os ten ou non, en todo caso será un xuíz, nin este pleno, estamos montando aquí un relato falso, sobre unha argumentación falsa, sen deixarlle aos veciños que non están de acordo ou non, si teñen competencia ou non para estar de acordo ou non, sobre un tema que é unha realidade histórica documentada, que o expediente ademais avala con unha petición formal, eu creo que máis garantías, transferencia, claridade e a proposta da alcaldía é a que é.

Será finalmente este pleno tras ver si alguén ten algo que opinar o que decida, agora o que non podedes é trasladar vos opinións, que repito, a min non se me trasladaron nin de palabra nin por escrito, e non teño porqué dubidar que se vos dixera, pero digo, a nos non se nos trasladou, que supoño que será a quen se teña que trasladar, somos o executivo neste concello, pero si é certo o que decides é moi fácil, se aproba inicialmente e o que teña que dicir algo o ten que dicir por escrito, pero e que é así como son as regras do xogo. Ademais como dis ti estamos en minoría polo tanto se finalmente non estamos de acordo non se aproba cando toque, despois da exposición pública, vos estádeslle negando a exposición pública aos veciños, igual que fixestes co plan xeral, igual que o polígono do Cerquido, non deixastes que os veciños opinaran pola súa palabra ou polo seu puño e letra, é un dereito que lle estades negando pero non só aos veciños lindantes, a todos os veciños, é precisamente a inversa de como estades facendo, e estades arrogándovos unha representatividade que nos non coñecemos e que ademais lle estades negando o dereito a que se exprese pola vía que marca a lei, que basicamente é a exposición pública, case nada.

En todo caso está claro que non se vai a aprobar a aprobación inicial e eu non teño ningún problema, repito, a retirada da orde do punto do día ten que estar motivada e non en base a ciencia ficción nin a relato ficción, motivada cun documento que eu non vexo que entreguedes nin fagades, esa é a realidade, non hai ningún tipo de problema, se fala de novo, e as persoas que supostamente están en contra gustaríame que viñeran a falar con nos, que sería o lóxico por outra parte. Non temos ningún tipo de problema, agora, que se saiba que se lle está quitando a garantía as persoas para opinar, como marca a lei, e os propietarios que son os que o solicitan, repito, non son eu que o fago de oficio, son os propietarios en base a unha documentación que teñen os que esixen o que por lei neste caso lles corresponde, nada máis e nada menos, polo tanto eu non teño problema en retirar este punto e o seguinte, pero que quede claro que non está motivado, que quede claro que se lle está deixando un dereito que é o da exposición pública e de presentar alegacións formais e por escrito as persoas, si queda retirada en todo o caso.

Sr. Rodríguez Davila: ¿vai a someter a votación a retirada?

Sr. Alcalde: si.

Sr. Rodríguez Davila: vale, está motivado porque o artigo 92.1 do ROF, di ben claro que calquera concelleiro pode someter a votación a retirada, e se non solicito á señora secretaria municipal que se manifeste ao respecto.

Sr. Alcalde: ten que haber unha aportación dun informe e ten que estar motivada e en última instancia é o alcalde o que somete ou no a retirada do punto da orde do día, o dereito existe, só digo que ten que estar motivado, nada máis.

Sr. Rodríguez Davila: Eu digo que o artigo e a lei nos ampara, que foi o que sucedeu no pleno do día 23 de febreiro que vostede non o permitiu, polo tanto, solicito si ten a ben á Señora Secretaria municipal que se manifeste sobre o artigo 92.1 do ROF que literalmente dí: *“Cualquier Concejal podrá pedir, durante el debate, la retirada de algún expediente incluido en el orden del día, a efecto de que se incorporen al mismo documentos o informes y también que el expediente quede sobre la mesa, aplazándose su discusión para la siguiente sesión. En ambos casos, la petición será votada, tras terminar el debate y antes de proceder a la votación sobre el fondo del asunto. Si la mayoría simple votase a favor de la petición no habrá lugar a votar la propuesta de acuerdo.”*

Di vostede que lle estamos quitando o dereito os veciños, é entre comillas unha falacia, ¿sabe por qué? porque o dereito dos veciños está representado na corporación, e a corporación ten os concelleiros dos grupos que ten e nos temos o dereito de votar o que consideremos, porque os veciños nos deron a capacidade legal representativa de representalos e ese é o dereito dos veciños, que os concelleiros os representemos en todos os casos e en todas as votacións, e por iso nos, amparándonos na lei pedimos o que pedimos, nada máis.

Sr. Alcalde: ben vou a ler antes de nada o informe xurídico que xa ten neste caso a voceira do PSOE, sobre o recurso de reposición presentado polo PSOE e da súa motivación:

“INFORME XURÍDICO

ASUNTO: RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS POLO PSOE CONTRA DECISIONS DO ALCALDE DE NON ACCEDER Á PETICIÓN DE RETIRADA DE ASUNTOS DA ORDE DO DÍA

Dona Verónica Tourón, como voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE interpón en data 5 de marzo de 2018 senllos recursos de reposición diante do Pleno contra as decisións do Alcalde do Concello de Salceda de Caselas, adoptadas durante a celebración dos Plenos de 23 de febrero e 2 de marzo de 2018, nas que resolvéu non

acceder á petición de retirada da orde do día do tratamento do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Creto nº 1/2018.

En relación cos devanditos recursos, infórmase:

Primeiro.- Aínda que se trata de dous recursos poden seren obxecto de acumulación, conforme ao previsto no art 57 Lei 39/15, resolvéndose conxuntamente nunha soa resolución, dado que se trata do mesmo recurso interposto pola mesma persoa contra decisións idénticas en dous plenos diferentes nos que se trataba o mesmo asunto.

Segundo.- En canto ás cuestións de forma, debe sinalarse que neste caso cúmprense os requisitos adxectivos determinantes da admisión a trámite do recurso no que se refire á lexitimación da recorrente e a interposición dos recursos dentro do prazo de un mes, conforme o previsto no art 124.1 da Lei 39/15.

Sen embargo, non se pode dicir o mesmo respecto ás outras dúas cuestións formais que procede examinar con carácter previo, no que se refire a que o recurso se teña dirixido ao órgano competente para resolvelo e que o acto que se impugna sexa susceptible de recurso.

En canto ao órgano competente debe terse en conta que o recurso de reposición, pola súa propia natureza, necesariamente cómpre dirixilo ao mesmo órgano que dictou o acto que se recorre, que será quen o resolva, conforme ao previsto no art 123 da Lei 39/15 (agás nos casos de delegación de competencias, consonte o art 9.2.c Lei 40/15, que non é o caso).

Neste caso a recorrente dirixiu erróneamente os recursos ao Pleno cando, si o que pretende recurrir, como é o caso, son as decisións do Alcalde de non admitir as solicitudes de retirada dun punto da orde do día, é ao Alcalde ao que se lle debía ter dirixido o recurso, posto que foi él quen tomou tales decisións, e non o Pleno.

Ben é certo que este erro da recorrente non constitúe causa de inadmisión do recurso, xa que o art 115.2 da Lei 39/15 sinala que no caso de erro formal o recurso debe ser tramitado de oficio correctamente con arranxo ao seu verdadeiro carácter.

E no suposto de o Alcalde denegue tal petición e se vexan precisados a emitir o seu voto sen poder contar cos antecedentes e informes cuxa incorporación tivesen, no seu caso, solicitado, poderán efectivamente interpor recurso, pero non contra a decisión do Alcalde, que é un mero acto de trámite que, como tal, só sería recurrible no caso de que decidise directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinase a imposibilidade de continuar o procedemento ou producira indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos (cfr art 122.1 Lei 39/15), circunstancias que evidentemente non concurren neste caso, senon contra o acordo do Pleno que se adopte finalmente tralo corespondente debate, recurso que poderá basearse,

únicamente, na falla de incorporación de informes ou documentos, como consecuencia de dita decisión do Alcalde, a fin de que se incorporen ao expediente e se volva a someter a decisión do Pleno.

Proba de que isto é así, e de que rectamente entendida a facultade do art 92.1 ROF de peticionar a retirada dos asuntos da orde do día, debe necesariamente poñerse en relación co fondo da cuestión sometida a debate, a constitúe a Sentenza do TSJ de Andalucía (Sevilla) de 15 de xuño de 2007 (Recurso 50/2007), que confirma a decisión dun Alcalde de non acceder á petición dun concelleiro sobre a retirada dun asunto da orde do día (que nese caso sí se fundaba na ausencia dun informe no expediente) porque, da lectura da acta, evidenciábase que dito concelleiro tiña un coñecemento profundo do asunto e puido participar nos debates amosando que se atopaba suficientemente informado do mesmo sen que, polo tanto, se lle causase indefensión ningunha (circunstancia que tamén se da no presente caso, como a seguir se dirá).

Polo tanto, debe concluirse que os recursos son inadmisibles por terse interposto contra actos de trámite non susceptibles de recurso (art 116.c Lei 39/15), xa que únicamente podería terse recurrido o acordo adoptado polo Pleno en relación co punto da orde do día, motivándoo na ausencia de informes ou antecedentes que se considerasen necesarios, pero non contra as decisións da Alcaldía de inadmitir a solicitude de retirada do asunto da orde do día.

Terceiro.- Sen prexuízo da conclusión de inadmisión antes expresada, debe analizarse tamén o fondo do asunto para comprobar si, aínda salvando o atranco formal sinalado, existen tamén razóns de fondo para desestimar o recurso.

A tese que parece defenderse nos recursos é que de acordó co art 92.1 ROF a petición de retirada dun asunto da orde do día, aínda sen motivación ningunha, conduce inexorablemente á necesidade de que se proceda á votación previa de tal moción, sen que o Alcalde poda decidir non admitila a trámite.

Sen embargo non é así, por varias razóns:

i.- A primeira, porque a petición de retirada dun asunto da orde do día debe ser necesariamente MOTIVADA nas razóns que se indican na propia norma, isto é, para que se incorporen ao expediente documentos ou informes.

Sen embargo, tanto no Pleno de 23 de febrero coma no de 2 de marzo, a petición de retirada da orde do día efectuada pola recorrente do punto relativo ao recoñecemento extraxudicial de creto foi absolutamente inmotivada, non se expresou a razón de dita solicitude nin moito menos se baseou nas únicas circunstancias que prevé a norma, isto é, reitérase, a necesidade de incorporar novos antecedentes documentáis ou informes ao expediente.

E unha petición carente de toda motivación pode e debe entenderse coma un fraude de lei, consistente en tratar de utilizar a lexislación para fins espurios que non son os que a norma persegue, o que, de atenderse, vulneraría o dereito fundamental dos demais concelleiros, recoñecido no art 23 da Constitución, a participaren nos asuntos públicos, xa que en tal caso lles impediría, sen motivo nin fundamento ningún, pronunciarse sobre un asunto incluído na orde do día.

Polo que se ao formular a petición non se expresa, ningunha razón para adiar o coñecemento do asunto polo Pleno, nin se indica qué antecedentes ou informes se considera que deben seren incorporados ao expediente, o lóxico e razoable, por parte do Alcalde, é non acceder á petición de adiamento nin sometela a votación sequera.

Menos cando, como xa se indicou no apartado Primeiro, a facultade de peticionar a retirada dun asunto da orde do día prevista no art 92.1 ROF debe poñerse en relación co fondo do asunto, motivándose unicamente na falla de antecedentes e informes necesarios, e da lectura da acta do Pleno de 2 de marzo despréndese que a Sra Tourón posuía un coñecemento profundo da cuestión sometida a debate, circunstancia que foi, precisamente, a que na Sentenza do TSJ de Andalucía antes citada levou ao Tribunal desestimar o recurso.

ii.- Pero aínda hai outro argumento máis para non acceder á petición, cando menos da solicitude de retirada do asunto efectuada pola recorrente no Pleno de 2 de marzo, cal é que a consecuencia inexorable da retirada dun asunto da orde do día, é o seu tratamento na seguinte sesión que se celebre, como expresamente sinala o art 92.1 ROF.

Polo tanto neste caso, a petición de retirada do asunto efectuada pola recorrente no Pleno do 23 de febreiro só podería ter como única consecuencia que o asunto se volve a tratar na sesión de 2 de marzo. Pero sen que nesa nova sesión se poidese, como sen embargo se fixo, reiterar novamente e sen motivación ningunha a petición de que o asunto fose de novo retirado da orde do día, reiteración que sen dúbida reforza a consideración de que o único que se pretendía pola recorrente era facer un uso fraudulento da posibilidade prevista na norma comentada.

iii.- A todo isto engádese que si a retirada do asunto pode conlevar danos e prexuízos para o Concello (como neste caso a posible existencia de reclamacións polos provedores, ou a perda de subvencións, neste caso pola falla de pagamento das cantidades corespondentes ao Servizo de Axuda no Fogar), o Alcalde ten, tamén por este motivo, o deber de non atender a tal petición.

Polo tanto, aínda que o recurso se chegase a considerar admisible, existen tamén razóns de fondo para desestimalo.

CONCLUSIÓN.- Proceda INADMITIR os recursos de reposición interpostos por Dona Verónica Tourón Domínguez en nome do grupo municipal do PSdGPSOE en escritos presentados en data 5 de marzo de 2018, por dirixírense contra actos de trámite non susceptibles de recurso (art 116.c Lei 39/15).

E canto teño a ben informar sen prexuízo do sometemento do expresado criterio a calquer outro mellor fundado.

Salceda de Caselas, 23 de abril de 2018.

Carlos Abal Lourido.”

En resumidas contas, a posibilidade que recoñece o ROF está condicionada, primeiro a que estea motivada, só e expresamente pola falta de informes, que repito aínda non escoitei que falte algún informe no propio expediente ou que non hai un coñecemento do tema que polo que se falou ata agora hai un coñecemento profundo polo que parece do tema, e polo tanto non podemos excluír o fondo da cuestión e tampouco podemos fuxir do dereito que temos os concelleiros que non piden a retirada de poder expresar co noso voto a aprobación inicial. Ti invocas un dereito que tes, e nos tamén temos o dereito de votar, que ti estas negándonos que é do que fala o informe, ti nolo estas negando, ti tes dereito a pedir a petición pero nos tamén temos o dereito de poder votar que o avala o artículo 23 da constitución e polo tanto non nos estas permitindo os que podemos votar que votemos, e despois, repito, ata agora, os razoamentos son a futuro e desde logo non están motivados polo que está no expediente nin se está pedindo que haxa novos informes sobre a cuestión, non son causas nin motivos que avalen e motiven a retirada da orde do punto do día, é sinxelo, e aínda así repito, xo comentei antes, vamos a someter a votación a retirada do punto.

Gustaríame que isto constara en acta porque para aclarar que si eu considero como alcalde, e esa potestade a teño, permitídmeme que, si queredes facemos un recesso e falades do que teñades pactado, digo que me corresponde a min tomar a decisión eu motivo ou non e despois en todo o caso sería en último caso un tribunal que decida, pero é potestade miña someter ou no a votación si considero motivadamente por suposto que hai razóns ou non conforme á norma a retíralo, iso non está en cuestión, como tampouco está en cuestión evidentemente que un concelleiro do grupo municipal poda retirar tal como pon o artigo que invocas, e que non ten nada que ver non se pode confundir a negación do dereito e da potestade que eu teño como alcalde neste pleno e que me apoia a Constitución y por suposto as sentencias xudiciais de retirar ou de someter a votación a retirada ou non da orde do día, eu aínda non escoitei ningunha das motivacións que marca a lei, repito, para a motivación é evidente que se está deixando de lado que haxa unha exposición pública e que todo o mundo con garantías, poida participar a través das alegacións que se presenten formalmente como marca a lei, vamos, non é ese o debate porque o tema de fondo non teño ningún problema en debatelo, pero, o que non se pode tampouco

é poñer en risco os dereitos lexítimos que teñen neste caso os propietarios, si

Sra. Tourón Domínguez: xa que me mencionou continuamente.

Sr. Alcalde: ti telo, ti telo, ti o pediches e eu en tempo e forma resposteí, pero permíteme solo un momentíño, isto vai a colación do suposto dereito ou non que teño de aceptar a retirada ou non e vale para os dous plenos que citei que ti invocaches e vale para este.

Sra. Tourón Domínguez: vale, ben por ese informe, ¿pode dicirme quen asina o informe?

Sr. Alcalde: un asesor xurídico do concello.

Sra. Tourón Domínguez: vale, un asesor xurídico do concello, resumindo, por que extenso xa foi el eu non o vou a ser, aquí o que pasou foi que o alcalde non lle gustou o que dixo a secretaria e entón colle e pediulle un informe xurídico pagado co diñeiro do concello feito á medida para que puxera o que el quería, así de claro, e que quede en acta que non me importa nada dicir o que estou dicindo porque todos os plenos o mesmo, vale, a secretaria pronunciouse, mirouse ben que se pronunciou ¿ por qué non lle pide o informe a secretaria? iso primeiro e segundo, xa está ben de gastar o diñeiro de todos os veciños en informes xurídicos externos para salvagardarse os erros que comete o señor alcalde, si tan seguro está que non é susceptible de recurso nin nada ¿por qué agora vai someter a retirada do punto da orde do día? así como así, digo eu. Hoxe si, hoxe si, vale, ben, en canto a que podemos pedir un receso, o receso pediuno o señor alcalde cando foi a aprobación do Cerquido para avocar aos empresarios a que o grupo socialista cambiara o sentido do voto, ese foi o receso, se quere facer un receso fágao e fale cos veciños pero utilice o receso para iso non para outras cousas, a perda da subvención non o vou a repetir, si se perdeu a subvención foi por mala xestión do señor alcalde, que hoxe a prensa volvía a ter unha nota do señor alcalde que se perderon cincuenta e nove mil euros por que non se aprobou iso, se perderon por mala xestión do alcalde que chegou a un recoñecemento extraxudicial de crédito con facturas do ano anterior, si a xestión era boa houbera pagado antes e non facía falta o REC.

En canto ao argumento de que nos o que facemos é quitarlle a voz e que a xente fale e que demais, voume a remitir tamén un pouco máis atrás, recordo ben cando o Partido Socialista presentou quitar o PXOM a información previa antes da súa aprobación inicial, despois de que se dixera por activa e por pasiva reflexado en todas as actas que o que pedía o Partido Socialista era ilegal, que despois se certificou que efectivamente que non era ilegal e que se podía facer, pois aquilo tivo un montón de suxestións, pero un montón, a xente falou, iso si, o alcalde non lle fixo caso ningún, eu creo que xa, o de que quitemos a voz e deixemos de quitar a voz, repito para que quede en acta e xa me ciño xa ao tema do pleno porque hoxe saen todos os temas,

porque o alcalde tamén pon as cousas así moi llaniñas para que saían todos os temas. O único que pedimos nos aquí é que se fale cos veciños, que se deixe de quitarlle a palabra os veciños que é o que fai o alcalde, por moito que se pretenda terxiversar o tema, o que pretende sempre, e agora lee un informe de catro follas pagado por todos nos, polo menos foi extenso, pero o que el basicamente está a facer é iso, privar aos veciños de que participen na xestión municipal, nin máis nin menos. Non pedimos nin que se aprobe nin que non se aprobe nin nada, simplemente que primeiro se fale cos veciños, en vez de facer o que estamos facendo en todas as cousas, facer aprobar todo e despois falar cos veciños cando xa é tarde, non pedimos nada máis, igual non quedou claro pero de outra maneira xa non sei nin como explicarme, non pedimos nada máis que deixar participar aos veciños naquelas cousas que lle inflúen, si o quere entender de outra maneira como lle dixen o outro día alá vostede.

Sr. Rodríguez Davila: Ben, a verdade é que despois de escoitar o discurso do alcalde, a verdade e que xa non sei si vostede pretendía aburrir aos veciños porque conseguir conseguíuno, ou é que pretende que os veciños se marchen do pleno para non ver o que sucedeu no pleno do vinte e tres de febreiro onde vostede se negou a someter a votación do pleno a retirada que agora si ten a ben. Mire alcalde, non é unha potestade, eu linlle o artigo e non quero ser insistente ao respecto, hai tres opcións: aportacións de informes, documentación e tamén que o expediente quede sobre a mesa, punto pelota, non fan falta informes nin aportacións para someter a votación, non, en base a unha decisión que tome o pleno.

Sr. Alcalde: en base a que.

Sr. Rodríguez Davila: o di o artigo, mire o di ben claro o regulamento, polo tanto non é unha potestade do alcalde terxiversar o que di a lexislación, claro que vostede pode terxiversar e dicir que eu son o alcalde son a lei, aquí mando eu, claro que o pode dicir, como fixo en febreiro, pero si vostede se ampara na lexislación que nos ampara a todos os concelleiros, hai que deixar someter a votación, punto, xa está, mire, dicía vostede que lle estamos negando nos, a través de esta petición, lle estamos negando que vostedes poidan votar, non, non, vostede pode votar en contra da retirada, quen nos retirou a posibilidade de votar foi vostede no pleno de febreiro, nos aquí expoñemos unha cuestión recollida na lexislación e ninguén lle nega a ningún dos trece concelleiros que conformamos o goberno municipal o seu dereito a votar. Vostede vai votar, seguramente en contra da retirada e nos a favor da retirada, e vostede ten o dereito igual que temos nos pero vostede é quen impediu os concelleiros votar unha cuestión que expuxo o Partido Socialista no pleno de febreiro motivado como di a lei, o dicía a compañeira do Partido Socialista e eu lle pregunto, como é un informe pagado polos fondos públicos, como é un informe para concello me gustaría saber quen asina ese informe, a parte de un asesor xurídico externo ¿me pode dicir o nome e o apelido por favor?

Sr. Alcalde: Carlos Abal Lourido.

Sr. Rodríguez Davila: Carlos Abal Lourido, o señor Carlos Abal Lourido con todos os respectos o digo, que conste en acta tamén, que leva feito moitos informes, non é de agora, me alegro moito escoitar o discurso do Partido Socialista neste momento, pero isto ven de lonxe, cando estaba este grupo de oposición en minoría aínda sendo o grupo maioritario en votos advertíamos por activa e por pasiva en aquel momento o que estaban facendo vostedes apoiando a ese goberno y agora veñen con toda afirmación o que están dicindo, iso é unha pena que desde o ano sete ao ano quince non o fixeran porque iso mesmo que vostedes están dicindo é o que nos dixemos durante moitos anos da actitude do alcalde e do seu equipo de goberno respecto de informes, respecto da modificación do orzamento, das contas, etc... pero bueno, iso está moi ben e me alegro e benvinda sexa á realidade.

Cando as cousas están mal están mal e as cousas cando están ben están ben e punto, o que non se pode é interpretar en función da situación de cada un e aínda así eu son o primeiro que cometo erros claro que si, pero o cambio radical as veces non é bo, como digo o Señor Carlos Abal Lourido emitía informes como ben se dixo hoxe aquí en función da petición, o que fixo ese señor no informe metido para a aprobación do REC do ano dous mil quince coaccionando nun escrito enviando aos concelleiros da corporación, coaccionando nese escrito asinado por el que pagamos como ben se dixo aquí con fondos públicos deste concello, coaccionando o sentido do voto, entre comiñas ameazándonos das consecuencias que podíamos ter si votabamos en contra de aprobar o recoñecemento, iso está por escrito asinado por ese señor, estou dicindo o que digo, me deixa intervenir.

Sr. Alcalde: estas dicindo unha animalada, se crees o que estas dicindo tes que ir o xulgado, a min si me coaccionan vou o xulgado como representante público, é moi grave o que estas dicindo, isto non é unha obra de teatro.

Sr. Rodríguez Davila: ¿me deixa intervenir?

Sr. Alcalde: digo que vaias o xulgado si estas dicindo o que estas dicindo.

Sr. Rodríguez Davila: ¿me deixa intervenir? Nese informe coas súas palabras intimidatorias a estes concelleiros para intentar cambiar o sentido do voto coas súas manifestacións asinadas por ese asesor xurídico, polo tanto alcalde non interpretemos e non lle demos volta ao que hoxe se pretendía aprobar neste pleno, a realidade é a que é, a realidade é que hai un camiño público inventariado e se pretende ter tres na mesma zona, e nos non estamos a favor de ese plantexamento, e por iso pedimos a retirada, nin intimidamos a ninguén nin nos enfadamos con ninguén, simplemente facemos un plantexamento político nun pleno democrático que temos dereito a facelo e os membros concelleiros teñen por suposto o deber e o dereito de manifestarse co seu voto, e nada máis, si sae adiante perfecto e se non o

acataremos, faltaría máis e polo tanto foi o que dixen e creo que quedou ben claro ao respecto

Sr. González González: Que rápido acabou.

Sr. Alcalde: levamos unha hora e media debatendo si se pasa ao inventario público un camiño ou no, un camiño público, non sei a que ben este debate tan racheado por que aquí xa nos fomos polas ramas pero por todos lados, esta historia que vos traedes aquí PP e PSOE, isto empezou nesta lexislatura pero bueno, ata agora votabades o mesmo en temas importantes, é dicir, tumbas o plan xeral que o tumbastes, un documento excelente segundo todo o mundo que o consultou, tubar Plan Industrial do Cerquido que o tumbastes, habendo motivos da abstención dunha concelleira do PSOE, que traballa para unha empresa que ten intereses empresariais noutro sitios; tumbastes o recoñecemento extraxudicial de crédito cos votos de PP e PSOE, non pagarlle os provedores, non pagarlle ás empresas, é dicir, poñíadesvos de acordo sempre en cousas importantes pero chegar a este extremo de traer un camiño público, disimulade un pouco polo menos, isto tratase de un camiño público, estamos chegando ao absurdo, traedes pactadas cousas que isto é inverosímil, estou avergonzado da vosa aptitude, xa non falo máis.

Cando se fan acusación de delitos neste pleno o que me gustaría en coherencia é que a xente vaia o xulgado, isto non é un chiste, cando alguén fai acusacións graves contra alguén, por favor que vaia o xulgado, non se pode vir agora falar de delitos con alegría faltando ao respecto, falando de coacción e non sei que máis. Quero lembrar que as asesorías externas están avaladas entre outras polo arquivo da denuncia que o Partido Popular fixo contra a miña persoa precisamente o 22 de maio do ano 2015 que o Fiscal Anticorrución de Pontevedra. Non sei en que parte se devalúa neste caso a unha persoa que ten feito o seu traballo polo ben do concello e o segue facendo e ten demostrado ademais en moitas sentencias xudiciais, que na inmensa maioría foron favorables para os veciños de Salceda, e con esa acusación grave, pero si tes algo que dicir con esa acusación o que tes que facer é ir ao xulgado, e reitero en base a separación de poderes temos o deber de ir ao xulgado, que isto é un pleno público, entón non podes acusar, non se pode facer acusacións de esa gravidade contra alguén sen ir o xulgado ao día seguinte.

Sra. Tourón Domínguez: primeiro pedirlle ao señor alcalde que o mesmo consello que lle deu ao voceiro do Partido Popular que llo dea ao seu concelleiro e si ten algo que dicir ou acusar que o diga, eu quero que me explique para que quede en acta, a acusación que me acaba de dicir que eu tiña intereses no Polígono do Cerquido, por favor quero que mo explique, porque acaba de quedar en acta e eu quero que mo explique tal cal, non vou a falar do poder lexislativo e executivo porque é algo que aprendeu nesta segunda lexislatura. O de intentar acusarme da miña vida privada ou profesional de cousas destas creo que xa é o extremo de calquera pleno o que podemos asistir, para rematar antes de que mo explique, que espero que mo explique

e que o faga ben, para rematar respecto da pinza PP e PSOE, o señor alcalde sigue sentado aí non? Esa é a pinza PP e PSOE.

Eu quero que explique a acusación que acaba de facer porque é algo moi grave, quero que a explique e que se lle entenda por nos e polo público, quero que explique, e se non sabe o que ten que dicir nun pleno ou non sabe estar que dimita, pero que o diga porque isto toca os extremos de calquera pleno, así que por favor que se me explique que intereses tiña na empresa que traballo segundo el, que explique que intereses tiña eu para votar abaixo a modificación puntual do Cerquido, xa que me acusou que o explique ben clariño e que quede en acta

Sr. Alcalde: a mín tamén me gustaría que explicaras todas esas acusacións de especulador que saíron da túa boca e o teu partido, que me digas en que te baseas, para todas as acusacións que fixeches da miña persoa sobre o Cerquido, falando de especulación.

Sra. Tourón Domínguez: quero que me conteste a acusación que fixo o concelleiro de vías e obras e que a explique.

Sr. Alcalde: aínda non me contestaches á miña, onde estaba a especulación do Cerquido, déame datos.

Sra. Tourón Domínguez: cando queiras tomamos un café e falamos do tema, a acusación que acaba de facer o concelleiro de obras que a explique e que quede clariña, porque a acaba de facela neste pleno.

Sr. González González: a miña intervención está clara.

Sr. Alcalde:chegado o momento xa cha explicaremos.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, por unanimidade de votos a favor, acorda retirar o expediente de conformidade co disposto no artigo 92.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Expediente 1250/2018. Modificación inventario Público de Camiños. Incorporación dun antigo camiño "Camiño das Nais"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda retirar o expediente de conformidade co disposto no artigo 92.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de

novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Expediente 1252/2018. Modificación inventario Público de Camiños. Incorporación ao inventario un antigo camiño, “Camiño do Portal de Silva”

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Dase conta da proposta de Alcaldía de 19.04.2018, que literalmente dí:

“Considerando que o 17 de abril de 2018 Dna. Consuelo Alonso Pérez, presentou instancia interesando a incorporación ao inventario municipal de camiños un antigo camiño, situado en Soutelo – Casal (referencia catastral 36049A044090360000KO).

Considerando que o arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso emitiu informe nº 2018-0084 do 18 de abril, no que fai contar que “(...) desde o punto de vista técnico non se observa impedimento para incorporar dito camiño ao inventario de vieiros públicos municipais. Quedando a criterio da Corporación Municipal a súa incorporación ao inventario municipal. Pasando a denominarse “Camiño do Portal de Silva””.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente a modificación do Inventario de Camiños Públicos Municipais aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada o 28/06/2014 e publicado no BOP de Pontevedra o 12 de xullo de 2013. A modificación afecta a un antigo camiño situado en Soutelo – Casal, tal como se indica na cartografía de Catastro, sinalada no informe técnico nº 2018-0084 do 18 de abril, emitido polo arquitecto técnico D. Alfonso Veloso Troncoso.*

SEGUNDO: *Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.*

TERCEIRO: *Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse considerarase aprobada definitivamente esta modificación do Inventario de Camiños Públicos de Salceda de Caselas, e remitirase anuncio ao BOP de Pontevedra de aprobación definitiva da modificación.*

CUARTO: *Notificar este acordo aos interesados.”*

Sr. Alcalde: Detectamos nun espazo colindante que quedou detrás un camiño que da acceso a unha serie de propiedades e unha das propietarias solicitou a súa incorporación, e o que se aprobará si procede hoxe é a súa incorporación inicial a expensas das alegacións que se presenten para a súa aprobación definitiva nun pleno posterior.

Sr. Núñez Troncoso: como xa comentamos na comisión informativa se nos quedou para este pleno de aclarar a discrepancia que hai ou consideramos que hai entre o que está solicitando a interesada cun informe que vai ir a pleno, na proposta entendo tal como o pon que o que se vai a inventariar é como está recollido na cartografía do catastro, quería que me confirmase que é así porque non coincide co que solicita a persoa interesada.

Sr. Alcalde: tras a comisión informativa solicitamos informe ao técnico municipal e neste caso a Alfonso, polo que me di a secretaria ese informe non está, iso é a documentación que consta no catastro e por desgraza hai moitas cousas que no catastro non están ben, falta ese informe e propoño tamén a retirada do punto da orde do día para esa aclaración.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda retirar o expediente de conformidade co disposto no artigo 92.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. Expediente 1254/2018. Declaración especial interese. Ampliación do CEP Altamira

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta de Alcaldía de 18.04.2018, que literalmente di:

“A Consellería de de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con data 8 de marzo de 2018 (RXE 1455) presenta solicitude de licenza de obras para a obra de “ampliación do CEP Altamira” asemade no mesmo escrito solicita a bonificación o imposto de construción, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística.

Visto que pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 16 de abril de 2018 concedeuse a licenza urbanística para a citada obra.

Considerando o establecido na Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, sobre a bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do RDL 2/2004, reguladora das facendas locais, a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou

utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración

O Pleno municipal, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego a ampliación do CEP "Altamira".

Segundo.- Notificar a declaración de especial interese ou utilidade municipal á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria."

Sr. González Rodríguez: boas noites a todos e todas, este quinto punto da orde do día versa sobre unha solicitude da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura de Educación e Ordenación Universitaria, para acometer as obras de ampliación do Colexio de Ensinanza Primaria Altamira, presentan o proxecto para a ampliación de ditas obras e solicitan a licenza de obras, véuselle dando recentemente nunha Xunta De Goberno Local o pasado día 16 de abril a licenza para acometer ditas obras, e na solicitude que facía a Consellería de Cultura e Educación solicitaba a bonificación do ICIO, tal como temos contemplado na nosa ordenanza, na ordenanza municipal do Concello de Salceda, no artigo 5 punto 1.

Sr. Rodríguez Davila: creo que estamos de parabéns, o noso voto vai a ser favorable, polo tanto vai a poderse facer esta rebaixa nestes impostos municipais, a nosa proposta vai a ser a favor para que a Consellería de Educación poida facer estas obras en breve durante o período estival e confiando que a inicio de curso estean esas obras realizadas, polo tanto o noso voto a favor.

Sr. Alcalde: grupo socialista.

Sra. Tourón Domínguez: pola nosa parte imos a votar a favor, encontra diso que non estamos e vamos a votar a favor.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda:

Primeiro.- Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego a ampliación do CEP "Altamira".

Segundo.- Notificar a declaración de especial interese ou utilidade municipal á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

6. Expediente 151/2018. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal

Reguladora

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta de Alcaldía de 28.03.2018, que literalmente dí:

“En relación co expediente relativo á modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmóbles, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, instalacións e obras, co fin de introducir beneficios tributarios en virtude do Protocolo Xeral de Actuacións entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o informe de Intervención de data 28 de marzo de 2018,

O Pleno da Corporación acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmóbles, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, instalacións e obras, co fin de introducir os seguintes beneficios tributarios en virtude do Protocolo Xeral de Actuacións entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”:

- *Imposto sobre Bens Inmóbles: establecer unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:*
 - ü *Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.*
 - ü *Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
 - ü *Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.*

- *Imposto sobre Actividades Económicas: establecer unha bonificación de ata o*

95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividade económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:

- ü Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- ü Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- ü Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

- *Imposto sobre Construcións, instalacións e obras: establecer unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:*

- ü *Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.*
- ü *Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- ü *Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Segundo.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o ditado prazo non se teñan presentado reclamacións sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Establecer que as presentes medidas de carácter fiscal manteranse por un período de tres exercizos orzamentarios."

Sr. González Rodríguez: este punto que se trae trata de modificar tres ordenanzas fiscais reguladoras do IBI, o ICIO e o IAE, no tocante a un protocolo de actuación asinado no seu día entre a FEGAMP, a Federación de Municipios e Provincias e a Xunta de Galicia, neste protocolo se crea a figura dos concellos Doing Business de

Galicia, para elo os concellos que nos quixeramos adherir temos que levar a cabo e acometer este tipo de modificacións nestas ordenanzas para poder beneficiarnos des axudas que contemplan en dito protocolo. Entre outras a Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva para determinadas empresas, esixindo unha bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo, bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo e unha bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

O mesmo para as tres ordenanzas municipais, a reguladora do IBI, a do ICIO e a do IAE , introducindo como se acordou na comisión informativa que en dito convenio hai que fixar un período de duración destas bonificacións e establecemos unha duración durante tres exercicios orzamentarios que non está na proposta inicial pero se introduce na comisión e a volvo a introducir tamén agora no pleno

Sr. Alcalde: ben, palabras, Sr. Núñez Troncoso.

Sr. Núñez Troncoso: como xa dixo o responsable de área se trata dun protocolo entre a Xunta e Fegamp no cal o fin é incentivar e fomentar a implantación de empresas nos concellos de Galicia, as medidas como xa dixo José Luis pois van nunha redución na cota integra tanto do IBI, coma no IAE e no ICIO, dun 95, 75 e 50, en función dos postos de traballo que crea esa empresa. Este protocolo é mais amplo que a proposta que se trae aquí a pleno, que incluía incluso a posibilidade de que este pleno establecera a non suxeición tanto na taxa por prestación de servizos urbanísticos, como na taxa por apertura de establecementos.

Eu non sei si o señor concelleiro responsable de área sabe o que implicaría a falta de ingreso desta taxa, a de apertura, segundo as últimas liquidacións esa previsible falta de ingresos que é a do 2016 serían sobre 3.500 euros, eu creo que non estaría demais investir este importe en establecer a exención desta taxa aos novos establecementos que se instalasen en Salceda. Estamos de acordo en apoiar este tipo de medidas.

Sr. Alcalde: Grupo Socialista.

Sra. Tourón Domínguez: calquera beneficio por pequeno que sexa vamos a estar de acordo, se ven hai que darse conta que aquí as grandes beneficiarias van a ser as grandes empresas, que se van a implantar en Galicia a custes irrisorios a costa das arcas dos concellos. Tamén é certo que en Salceda iso vai ser mínimo porque non temos chan industrial nin privado nin público, isto pouco vai beneficiar, co cal nese apartado Salceda tampouco se vai a beneficiar. En canto a empresas pequenas que se implanten, desgraciadamente en Salceda as taxas si son 3.500 euros o que se liquidou dixo o ano pasado, non estou pedindo que se quiten porque eu creo que a taxa, intervención mesmo nos dirá que as taxas teñen que cubrir os gastos e non é coma un imposto para retiralos, pero digamos que iso nos informa un pouco do volume de implantación de empresas que desgraciadamente hai aquí.

Por outra parte, a Xunta fai unha discriminación positiva para os concellos que se adhiran a este convenio quitando unha prioridade positiva en cuestión de acceso ás subvencións, emprego e emprendemento, industria e demais. Para Salceda isto pouco beneficio imos a mirar con esta adhesión pero repito, por moi pouco que sexa tampouco nos vamos a negar.

Sr. Alcalde: algo que engadir?

Sr. González Rodríguez: simplemente dicir que con respecto á taxa que mencionaba o compañeiro Joaquín, o convenio inicial que se asinou no seu día foi modificado posteriormente, no cal os concellos se lle daba potestade ou non por que había algún problema coa legalidade precisamente polo que di Sra. Tourón Domínguez, que a taxa ten que cubrir o custe do servizo e certos interventores estaban reparando ese tipo de bonificacións de taxas, e nos, consultado ca interventora era remisa a poñelo entón decidimos non metelo. Decidimos meter a bonificación dos tres impostos que son obrigatorias e as dúas taxas que son opcionais deixalas sen meter. No tocante a que o concello de Salceda non ten chan industrial, calquera empresa que xere postos de traballo ou que queira facer unha modificación das súas instalación, ou o que sexa, se pode acoller a estas medidas, a contía que supón non se sabe porque non sabemos o número de empresas que se vai a acoller. Un dos criterios que decidiu o goberno a acometer esta medida pois é precisamente porque efectivamente nas subvencións que vaian a saír, que algunha xa saíu, pois os concellos que esteamos adheridos imos a ter unha puntuación maior cos que non estean, en canto a fomento de emprego, por aí nos interesa estar engadidos a este convenio.

Sr. Núñez Troncoso: imaxínome que os protocolos se firmou polo Presidente da Xunta e o Presidente da FEGAMP levarían os respectivos informes positivos tanto de intervención da Xunta como dos servizos xurídicos da Xunta e si no protocolo ou na addenda se contempla esa posibilidade, non sei porque non se contempla esa posibilidade, cando estamos falando de 3.500 euros que a nivel de pequeno establecemento pois é unha axuda loxicamente. Tres mil cincocentos euros gástanos vostedes en cinco paneis publicitarios, por tanto repercutir ese diñeiro nos novos establecementos me parece mais que razoable.

Sr. Alcalde: algo máis?

Sra. Castiñeira Alén: Boas noites a todos e todas, rebaterlle un pouco a Joaquín o que acaba de dicir, porque hai uns meses estiven co Conselleiro Conde precisamente falando deste tema e dicirche que si aparece recollido nese convenio o que acabas de dicir, esa bonificación na apertura de establecementos, si ben é certo que os informes de intervención apoiaban este convenio o propio Conselleiro dixo que estaban tendo problemas xurídicos ca interpretación precisamente desta bonificación e deixaba ao criterio dos seus concelleiros e dos seus interventores, ou sexa que non sexa tan

contundente á hora de facer a exposición porque non é así. Como lle repito, o mesmo conselleiro e alcaldes de toda a contorna nos manifestamos en contra diso simplemente por non ter garantías xurídicas.

Sr. Alcalde: chámase autonomía municipal que está recollida na Constitución española.

Sr. Núñez Troncoso: o protocolo e a addenda di o que di, é potestade do pleno contemplar a exención ou non a esa taxa, di o que di, eu volvo a repetir, cando este protocolo e a addenda firmado polo Presidente da Xunta polo Presidente da FEGAMP, levaría todos os informes perceptivos favorables. O protocolo contempla esa posibilidade, si a contempla por que non o imos a aplicar?

Sr. Alcalde: hai leis que se levan a baixo polo Tribunal Constitucional en España, porque o diga o estado, comunidade autónoma ou o concello non ten que dicir que haxa garantía xurídica.

Sra. Castiñeira Alén: non está atado rigorosamente entón non o imos a traer a este pleno, é unha decisión de este goberno.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmóveis, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, instalacións e obras, co fin de introducir os seguintes beneficios tributarios en virtude do Protocolo Xeral de Actuacións entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”:

- Imposto sobre Bens Inmóveis: establecer unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóveis urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:
 - ✓ Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
 - ✓ Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
 - ✓ Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.
- Imposto sobre Actividades Económicas: establecer unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota

municipal e que desenvolvan actividade económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:

- ✓ Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
 - ✓ Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
 - ✓ Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.
- **Imposto sobre Construcións, instalacións e obras:** establecer unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consisten nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:
 - ✓ Bonificación do 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
 - ✓ Bonificación do 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
 - ✓ Bonificación do 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Segundo.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se teñan presentado reclamación sobre o expediente, sobre a base do recollido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Establecer que as presentes medidas de carácter fiscal manteranse por un período de tres exercizos orzamentarios.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos desde o nº 2018-0171 de 20 de febreiro ao 2018-0392

de 24 de abril

Dáse conta dos decretos nº 2018-0171 de 20 de febreiro ao 2018-0392 de 24 de abril.

O Pleno queda enterado.

Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

Sr. Alcalde: Imos a diferenciar dúas partes das mocións, como ben sabedes no pleno anterior houbo mocións que se ían a traer a pleno e que polas circunstancias que xa se coñecen non foron sometidas ao final nin a debate nin a votación, durante ese proceso os grupos políticos aumentaron as mocións, trasladaron nos últimos días si decaían esas mocións pola razón que fora ou non, tamén neste proceso houbo dous mocións neste caso presentados por colectivos, concretamente unha por parte da Plataforma Passarea sobre o tema da tarxeta e tamén do Plan de transporte metropolitano e outra pola Correduría Estatal pola defensa do Sistema Público de Pensións, que trasladaron tamén nos últimos días os grupos municipais ante a posibilidade de que esta petición que se fai o concello fora respaldada e presentada de mutuo acordo e en común polos tres grupos políticos, e polo que me chegou todos estamos de acordo en defender e facer propia esas dúas mocións, paso a ler e a expor.

Moción presentada pola Asociación Passárea o 21/03/2018, con número de rexistro 2018-E-RPLN-18.

“EXPOÑEN: Que debido á próxima substitución da Tarxeta Verde pola chamada Pass Vigo, a partir do 01 de Abril, que só poderá emitirse en favor dos usuarios empadroados no Concello de Vigo, considerando que se trata dunha decisión que repercute directamente nas economías familiares dos miles de usuarios afectados por esta medida, na maioría dos casos colectivos máis necesitados e que, cabe recordar, moitos dos usuarios que hoxe utilizan os servizos de Vitrasa, aínda que residindo no Concello de Salceda de Caselas, membro da área metropolitana de Vigo, traballan en Vigo, teñen servizos esenciais como o Hospital na cidade, e realizan consumos habituais nas áreas comerciais da cidade olívica. Todas estas persoas, coa implantación de esta nova tarxeta Pass Vigo, verán recortada a súa capacidade económica a consecuencia do inxusto incremento do custo do seu billete. A iniciativa PASS ÁREA cree discriminatoria á par que insolidaria e antisocial esta nova tarxeta, e considera que se trata dun ataque directo ás persoas con menos recursos.

Debemos ter en conta ademais, que discriminar aos usuarios dun servizo público por razón de residencia, como nos ocupa neste caso, ao igual que o sería por cuestión de lugar de nacemento, relixión ou opinións políticas, non só é contrario aos principios esenciais de convivencia se non que é inconstitucional e ilegal.

SOLICITAN ao pleno do concello de Salceda de Caselas, os seguintes acordos:

Solicitar ao Presidente da Xunta de Galicia e aos alcaldes da Área Metropolitana de Vigo o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.

Solicitar ao Concello de Vigo a paralización da substitución da Tarxeta Verde pola Tarxeta Pass Vigo, mentres non se resolva o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.”

Sr. Alcalde: Isto foi o 21 de marzo, certo é que nos últimos días, desde esa data aconteceron varios feitos relevantes seguramente o mais importante é que hai uns días houbo unha Sentencia dun Tribunal de Primeira Instancia no que votaba a baixo esa implantación de tarxeta e que a partir de onte ou de hoxe calquera persoa empadroada neste caso na Unión Europea, porque isto emana das directrices da Unión Europea, que calquera veciño de Salceda pode solicitar esa tarxeta a expensas por suposto do que pase e do que aconteza a continuación cos recursos. En todo o caso, nos consta a todos que se están tramitando esas solicitudes, por outra parte tamén hai que dicilo, en base a este acordo que xa varios concellos aos que se dirixiu a plataforma Passárea , teñen nas últimas semanas aprobado nos respectivos plenos e noutras iniciativas. Estou convocado como Alcalde de Salceda, estamos convocados, chegou hoxe a última hora unha xuntanza porque a Plataforma Passárea xuntouse tamén cá Conselleira Etel Vázquez facéndolle saber o que para eles é o mais importante ademais da Tarxeta Pas Vigo, que é basicamente desbloquear dunha vez por todas a entrada do Concello de Vigo nese Plan de Transporte Metropolitano do que forma parte desde un primeiro momento como impulsor, tamén xunto co resto dos concellos que conformamos iso, que é o Plan de Transporte Metropolitano de Vigo que hai que dicilo que está incompleto, todo hai que dicilo. O Concello de Vigo non estivo de acordo e non entrou nese Plan de Transporte Metropolitano, creo que non me queda ningún dato a tempo real sobre esta cuestión, so dicir que como Alcalde xa lle fixen saber no seu momento, tras a reunión e a xuntanza que tivemos con eles, tamén lles dixen e lles confirmei aínda no día de hoxe que ía a ser sometido neste pleno, tal e como quedamos e tamén lle confirmei, por certo, que en principio tanto o Partido Popular como o PSOE, os grupos municipais do Concello de Salceda, estaban de acordo en traer conxuntamente esta petición, esta solicitude e supoño que neste caso tras o debate e tras as aportacións que fagan os distintos grupos aprobaremos en defensa do que solicitan.

Sr. Rodríguez Davila: a verdade é que nos alegramos que en esta ocasión tanto o grupo que ostenta o goberno como tamén o partido socialista vote e apoie esta medida, que isto ven de moi lonxe, e a parte de ter que ir os colectivos e os veciños mobilizarse para que os concellos se manifesten, e despois de que dous Concellos o de Mos e o de Redondela conforme as súas secretarías municipais verificasen que o que pretendía implantar o Concello de Vigo e o alcalde á cabeza era inconstitucional

porque discriminaba aos veciños en función do empadramento, e así se ratifica nunha sentenza xudicial dos últimos días que como todas é recorrible, por suposto, mentres non sexa firme pero aí está o primeiro paso dado por estes dous concellos. É unha pena que o Concello de Salceda non se sumara porque estaba desamparando aos veciños de Salceda a que tivesen a tarxeta verde que utilizaban no transporte metropolitano de Vigo, mellor dito e mais coñecido como VITRASA .

Isto ven de moi lonxe, no ano 2016, en xaneiro do ano 2016, este grupo solicitou un pleno extraordinario daquela sobre a área metropolitana e sobre todo sobre o transporte, naquel pleno extraordinario onde se pedían unha serie de acordo a esta corporación pois o grupo de goberno e o partido socialista votaron en contra da defensa da creación da área metropolitana tal como se pretendía. que incluía o transporte metropolitano polo tanto a inclusión tamén de Vigo no transporte metropolitano como está o de Coruña, o de Santiago e o de Lugo e o de Ourense, con diferentes tipos de cores políticos no goberno, en diferentes etapas e tamén incluso na Xunta de Galicia. O 23 de decembro dese mesmo ano este grupo volveu a presentar neste pleno municipal unha moción onde se solicitaba que o Alcalde de Vigo incorporara o transporte metropolitano nos termos acordados e asinados con todos os alcaldes e alcaldesas, incluído por suposto ao alcalde de Salceda, que asinou xunto co alcalde de Vigo ese convenio, ese acordo e que despois o de Vigo incumpriu o acordo asinado por el mesmo. O noso alcalde non fixo, nin se manifestou, nin puxo pancartas nin bandeiras en contra do alcalde de Vigo porque incumpría e prexudicaba aos veciños de Salceda, aquí está o asinado, incluído a sinatura do Alcalde de Salceda. O acordo que asinou a Xunta e o Concello de Vigo asinado polo seu Alcalde, incluía unha das cláusulas para por en marcha a área metropolitana, que o transporte VITRASA tiña que estar efectivo e posto en marcha para que a área entrara en funcionamento, en xaneiro dese ano 2017. Chega unha notificación a este concello da Xunta de Galicia onde lle di ao señor alcalde que se presenta un recurso ante a aprobación da posta en marcha da área metropolitana, naquel pleno alcalde, como vostede recorda, eu estaba presente como membro do público loxicamente, Salceda solo ten un representante na futura área metropolitana que se quería poñer en marcha, e que como digo por culpa de que Vigo non estivera incorporada o transporte metropolitano, como estaba no convenio asinado por todos, pois vostede tamén naquel pleno, votou a favor do alcalde de Vigo de por en marcha a área metropolitana cando vostede sabía plenamente que era ilegal, porque así o recoñeceu tamén a xurisprudencia con medidas cautelares e por tanto a área metropolitana non está funcionando porque houbo un recurso da Xunta de Galicia, porque as partes incumprían o importante, que se incorpore o transporte metropolitano de Vigo para que a tarxeta metropolitana funcione ao 100%, cos beneficios para todos os veciños e non como está a suceder, que o concello de Salceda paga unha parte de ese billete metropolitano beneficiando incluso a algún veciño de Vigo e Vigo non aporta ningún euro. Iso é o que o alcalde de Salceda defende, pagar con fondos do concello de Salceda beneficios de transportes metropolitano de Vigo, dos diferentes concellos, incluído Vigo, e Vigo aporta cero

euros, iso é o que está acontecer a día de hoxe. A aportación do concello de Salceda a veciños de Vigo, iso é o que vostede defende e defendeu ata o día de hoxe.

Agora vota a favor porque claro, agora ve que a xustiza lle está dando a razón de momento á Xunta de Galicia no incumprimento do asinado polo alcalde de Vigo, vostede naquel pleno votou a favor co alcalde de Vigo, e eu sendo o único concelleiro da área metropolitana que estaba no público nese pleno, pois defendía iso, poñer a Área metropolitana en marcha sen o transporte de Vigo incorporado, cando o alcalde de Vigo incumpriu o acordado non so co Presidente da Xunta, se non con vostede e cos demais alcaldes e alcaldesas da área. E resulta que por encima nun decreto do ano 2016, decreto 37/2016 vostede resolve persoar ao concello de Salceda de Caselas no procedemento ordinario no xulgado contencioso administrativo contra a decisión da Xunta de Galicia de impugnar a posta en marcha da área metropolitana, de privar aos veciños da bonificación.

Agora a xurisprudencia lle deu a razón á Xunta con medidas cautelares, polo tanto a área metropolitana queda paralizada mentres non haxa decisión ao respecto pero o transporte metropolitano, salvo Vigo e Gondomar que pediu varias veces a incorporación, está funcionando, os salcedenses se benefician das bonificacións tarxeta do transporte Metropolitano e os veciños de Vigo se benefician e non aportan un euro, igual vostede tiña outras intencións políticas, concluída a miña exposición.

Señor Abel Caballero non intente implantar unha tarxeta inconstitucional porque vostede discrimina ás persoas dependendo de onde están empadroados, iso é ilegal, a Constitución reconece o dereito de cada cidadán independentemente de onde estea empadroado en cuestións fundamentais como é o que nos atinxe neste pleno. Resumindo alcalde, benvido á sensatez, pena que naquel momento se posicionase no que máis lle conviña, pena porque hoxe seguimos pagando o transporte aos vigueses. Alcalde eu dígolle o que vostede asinou e que Vigo ten que cumprir o acordo que asinou, nada máis.

Sr. Alcalde: di que precisamente as medidas cautelares é polos danos que se poidan causar si hai unha sentenza posterior firme, non é porque non estea Vigo no novo Plan de Transporte Metropolitano, non, iso o inventas ti e o Partido Popular. Seguinte falsidade, eu entro no Plan Metropolitano dentro da autonomía municipal, por certo, Nidia goberna en Mos, é do Partido Popular e tamén paga ese 20%, Javier Bas é de Redondela do Partido Popular e tamén paga o 20%, estou falando do transporte non da área, aí foi o problema, o plan de transporte era antes. Estás falando do que non sabes Santi, ti fuches a un pleno que era o pleno de constitución da área metropolitana pero o Plan de Transporte era anterior ¿Que ten que ver unha cousa con outra? E repito, estás mentindo, primeiro porque eu estiven nas reunións e sei o que se acordou, e despois se lle deu a volta por parte do Partido Popular, claro que foi así, pero e que ti non podes dicilo porque ti non estiveches Santi, ti non estiveches, xa o dixeran noutra ocasión, cando presentastes as mocións, non vai a ser este pleno, nin

vai a ser este alcalde, nin van ser os concelleiros os que lle digan a Abel Caballero dentro das súas competencias de autonomía o que ten que facer, é absurdo. Algúns forzamos a Etel Vazquez, llo dixemos e hoxe o Conselleiro de Sanidade cho pode contar, dixémoslle a conselleira, por que claro estaban en que tiña que entrar Vigo e non non se puña en marcha o plan.

Por favor non podemos seguir perdendo o tempo, implantemos o plan de transporte e despois xa se incorporará Vigo, cando toque, porque queira ou non Abel Caballero no fondo vai a incorporarse tarde ou cedo, é así o sabemos todos. Despois entramos coa xogada de mesturar a área metropolitana co plan de transporte e aí foi onde fallou o Partido Popular, foi aí, e cando se impugnou o pleno, que por certo non hai ningunha sentenza solo hai medidas cautelares, curiosamente un xuíz recoñece que o tema de inclusión de Vigo no plan de transporte non é condición sine qua non para a implantación da área metropolitana. Por certo, é falso porque a Área metropolitana está en vigor e houbo xuntanzas do seu comité directivo, outra cousa é que por prudencia se decidira no seu momento a expensas do que diga o tribunal, paralizar a actividade executiva da área metropolitana, tamén niso estás mentindo. A área metropolitana está en vigor, está paralizada por decisión da executiva en base a que se resolva a discrepancia, pero non pola entrada de Vigo no plan de transporte, se non lee as medidas cautelares do xuíz, iso o saben todos os compañeiros alcaldes e alcaldesas do Partido Popular, é mais, quen firmou ese acordo foi VITRASA, o Presidente da Xunta e Abel Caballero non o firmei eu, o acordo inicial firmárono eles, non o firmei eu, nos asinamos a posteriori en base ao que se falou. O que demostran esas medidas cautelares é que Vigo non entrara no Plan de Transporte Metropolitano non era condición sine qua non para poñer en marcha a área metropolitana.

Non necesitamos agora a área metropolitana para ter un plan metropolitano, e aí é o gran erro do Partido Popular, para iso xa temos o Plan de Transporte, a área metropolitana ía mais alá e a Lei de feito ía máis alá, e o Partido Popular por intereses partidistas decidiu paralizala e sabemos todos porqué, por que o Partido Popular non ten maioría na asemblea da área metropolitana, simple, e o paralizaron. Sabemos que os procesos administrativos duran dous anos, porque sabemos todos como funciona e os prazos que ten a xustiza. Estamos esperando todos a que haxa eleccións dentro dun ano e si o Partido Popular consegue votar a Abel Caballero en Vigo e votar aos alcaldes como neste caso como o de Salceda, e ter maioría na asemblea, será nese momento cando decida dar para diante a área metropolitana. Hai unha cuestión, si non o consiguen en Vigo e o alcalde de Vigo e o pleno do concello de Vigo decide non entrar no Plan de Transporte, da igual que haxa área metropolitana ou non, porque non ten nada que ver, ou tamén pode pasar por desgraza que non haxa área metropolitana nunca máis, e mentres tanto en Portugal a área metropolitana de Oporto seguiron comendo as papas, porque mentres tanto estamos aquí neste país discutindo, se se me permite, tonterías, outros nos están comendo as papas claro, con este tipo de discusións. Iso é así e cho podo dicir eu porque estiven en reunións, en todas, en todas as xuntanzas, e sei o que se falou nas xuntanzas e nin Nidia

Arévalo, nin Javier Bas, me vai rebater estando eu presente, o poden facer na prensa, facer seguidismo do Partido Popular que foi o problema, porque ata as eleccións autonómicas todo foi sobre rodas, fomos a estación marítima fixemos unha gran foto, pasaron as eleccións e o Partido Popular como as gañou foi cando botastes abaixo a área metropolitana, iso é así.

Ti só estás falando dun capítulo de aproximadamente vinte de oídas, o que acabo de dicir é tal cal, iso non ten nada que ver ca área metropolitana, nin as razóns polas que o Partido Popular impugnou a acta de constitución da Asemblea Metropolitana, que non hai ningunha sentenza xudicial curiosamente, as medidas cautelares do xuíz din que a razón que aduce o Partido Popular non é razón para paralizar a área metropolitana. Podedes darlle a volta que queirades, que é un pau á posición do Partido Popular en toda a regra, só nese aspecto, e a alcaldesa de Mos e o resto dos alcaldes do Partido Popular e o resto dos partidos ou organizacións políticas que estamos nos concellos estamos no Plan de Transporte desde tres anos antes, dous anos e medio antes da constitución da área metropolitana. ¿Que ten que ver unha cousa con outra? Non hai mais que falar, cando alguén fala de oídas que non sabes do que falas, non teño moito máis que engadir, fun membro da asemblea, votei a favor da cuestión da asemblea, temos plan de transporte como acabo de citar, a miña posición é clara, Vigo ten que entrar no Plan Transporte é máis, reafirmo de novo que tarde ou cedo vai entrar no Plan de Transporte Metropolitano, porque é o que máis se beneficia. A ver o que pasa na xuntanza do próximo mércores, a ver que di a Xunta agora, que por certo esa xuntanza foi porque a sociedade civil organizada xa está mobilizada por esa razón, porque algunha culpa terá o Partido Popular e a Xunta de Galicia, eu non lle vou a dicir nin este pleno o vai a facer, dicirlle ao Alcalde de Vigo o que ten que facer.

Sra. Tourón Domínguez: non podemos mesturar área metropolitana con transporte metropolitano, hai que ser serios niso, ti mesmo o dixeches Santi, hai que ser cautos e esperar a ver o que pasa no futuro con todo iso. Eu tampouco son quen de dicirlle ao alcalde de Vigo o que ten que facer, el terá que facer e pensar nos veciños de Vigo e nos temos que pensar nos veciños de Salceda. Isto probablemente cambie, pero de momento hai un auto de suspensión cautelar que o concello de Vigo acatou e nos imos a estar para defender aos veciños e imos a apoiar a moción, creo que estamos de acordo nos dous puntos da moción e vaíamos conxuntamente en algo os tres, polo menos para dar exemplo ao público.

Sr. Rodríguez Davila: claro agora interesa ir conxuntamente, pero ata agora neste pleno votaban en contra, separemos si quere a área metropolitana do transporte pero na lei da área metropolitana dí explicitamente que para que entre en vigor esa Lei aprobada no Parlamento de Galicia unanimemente ten que estar en vigor e en pleno funcionamento o transporte metropolitano, incluído VITRASA, e iso non está a día de hoxe, polo tanto a Lei non pode entrar en vigor e por iso a Xunta recorreu o pleno que vostede votou a favor e o acordo que vostede asinou. Vostede non pode

seguir sendo palmeiro dese señor, porque vostede está en representación de todos os salcedenses, vostede debería de facer o xesto político de separarse dese señor e sumarse aos alcaldes que reivindicaban o que vostede asinou (da lectura ao acordo asinado o 22 de novembro de 2016). Vostede asina iso e non esixe cumprir, porque o que hoxe imos a aprobar é precisamente iso, que se acorde e se solucione entre o Presidente da Xunta e o alcalde de Vigo a tarxeta de Transporte Metropolitano, que é a incorporación de Vigo ao Transporte Metropolitano, claro non interesa.

Vigo claro que vai entrar pero mentres tanto hai unha loita de moita xente.

Sr. Alcalde: primeiro o que se está debatendo non ten absolutamente nada que ver co que se somete a votación e co expediente, este non é un pleno da Deputación e non son palmeiro de ninguén e menos do Partido Popular, que é o que es ti, eu só son palmeiro dos veciños e das veciñas de Salceda. O tema partidista nin me vai nin me ven, eu non teño motivos partidistas, eu non son palmeiro nin de Abel Caballero pero moito menos do Partido Popular, cousa que ti non podes dicir xa que es militante do Partido Popular, nin do Partido Socialista. Repito, eu o único que son palmeiro é dos veciños de Salceda, isto é moi simple, pasamos a votación que é o que lle interesa a plataforma e a todos.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda aprobar a moción presentada pola Asociación Passárea o 21/03/2018, con número de rexistro 2018-E-RPLN-18 , adoptando os seguintes acordos:

1.- Solicitar ao Presidente da Xunta de Galicia e aos alcaldes da Área Metropolitana de Vigo o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.

2.- Solicitar ao Concello de Vigo a paralización da substitución da Tarxeta Verde pola Tarxeta Pass Vigo, mentres non se resolva o desbloqueo da Tarxeta de Transporte Metropolitano.

Moción a petición do Movemento Galego para a Defensa do sistema Público de pensións (MODEPEN), grupo integrante da Coordinadora Estatal pola defensa de emprego público de pensións, en data 13/04/2018 con número de rexistro [2018-E-RPLN-19](#), sobre o produto europeo de pensións individuais (PEPP).

“En xuño de 2017 a Comisión Europea (CE) remitiu ao Parlamento Europeo (PE) unha Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre un produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP). Da proposta dedúcese que:

1.- O PEPP ten como primeiro obxectivo a creación dun mercado de capitais europeo dentro do “Plan de acción da Comisión para a creación dun mercado de capitais de setembro de 2015”. A proposta da CE afirma que “Un mercado de pensións europeo

de 'terceiro alicerce' de maior tamaño impulsaría tamén a achega de fondos de investidores institucionais". O PEPP non é, por tanto, un instrumento de protección social, senón un mecanismo de acumulación de capitais.

2.- A CE renuncia ao obxectivo de que as pensións públicas sexan suficientes, "o Informe sobre a adecuación das pensións de 2015 concluíu que o aumento dos aforros adicionais ... destinados á xubilación podería ... mitigar as repercusións dunhas pensións máis baixas dos réximes públicos nalgúns Estados membros ... as pensións complementarias podería desempeñar un papel cruce nos ingresos por xubilación, en particular cando as pensións públicas poidan ser inadecuadas".

3- Para promover a subscripción do PEPP a CE esixe que se establezan nos Estados membros desgravacións fiscais, "A fin de animar aos Estados membros a conceder unha desgravación fiscal aos PEPP, a Comisión adoptou, xunto coa presente proposta, unha Recomendación sobre o tratamento fiscal dos produtos de pensións individuais, incluído o produto paneuropeo de pensións individuais". As desgravacións fiscais polas achegas aos plans de pensións individuais son moi regresivas. As traballadoras e traballadores de salarios baixos non poden destinar ningunha cantidade a plans de pensións e por tanto non desgravan. Son os perceptores de altos salarios e rendas do capital os que poden realizar grandes achegas e desgravar.

4- O PEPP abre un enorme espazo para a valorización do capital financeiro. O valor de mercado das pensións individuais é de 0,7 billóns de euros. A CE calcula que, sen a introdución do PEPP, aumentará ata 1,4 billóns en 2030 e, de introducirse o PEPP, ata 2,1 billóns. O seu principal obxectivo non é garantir unhas pensións dignas para as traballadoras e traballadores na idade da xubilación, senón como a Proposta repite unha e outra vez, "Obter máis capital e canalizalo cara a investimentos europeos a longo prazo na economía real". Con todo, debería ser o sector público, a través dun orzamento europeo moito maior que o actual, o responsable de decidir e executar os investimentos necesarios para a economía e a sociedade europeas, por exemplo, para a transición a un sistema enerxético descarbonizado.

5- A Comisión Europea (CE) enmarca o PEPP na promoción da innovación financeira, "promover unha contorna que estimule a innovación no sector de produtos financeiros ... o cal pode contribuir á súa vez á prestación de pensións adecuadas, seguras e sustentables". Debemos lembrar que a innovación financeira estivo na orixe da crise financeira que explotou con violencia en 2007 provocando nas economías dos países capitalistas desenvolvidos a maior crise económica e social desde a Segunda Guerra Mundial. Ademais, a innovación financeira non garantirá pensións seguras, senón que contribuirá á acumulación de capitais en busca de valoración e á inestabilidade financeira que se desencadeou a partir dos procesos de financiarización da economía capitalista mundial. O despropósito e a irresponsabilidade chega ao máximo cando a CE suxire o investimento en "instrumentos derivados" de altísimo risco e que contribúen a incrementar de maneira exponencial a probabilidade e

gravidade das crises financeiras.

6- A CE explica que o PEPP permitirá “garantir que os consumidores sexan plenamente conscientes dos elementos crave do produto”. A rendibilidade, ou a falta de rendibilidade, dos produtos financeiros é esencialmente incerta. Fai falta lembrar que na orixe da crise de 2007 está a creación e venda de produtos financeiros complexos construídos sobre hipotecas subprime. As tres grandes axencias de cualificación, Standar& Poor´s, Moody´s e Fitch, adxudicáranlles a eses produtos a cualificación de AAA, máxima solvencia, semanas antes de que o seu valor reducíse a 0. Alan Greenspan, presidente entón da Reserva Federal e máximo gurú das finanzas mundiais, recoñeceu “aínda que era consciente de que moitas desas prácticas estaban a ter lugar, non tiña nin idea do significativas que chegaran a ser ata demasiado tarde”. Con estes antecedentes pretender que as traballadoras e traballadores “sexan plenamente conscientes dos elementos crave do produto” e dos riscos que corren só pode ser incompetencia ou cinismo.

7- A CE enumera os promotores do PEPP, “bancos, compañías de seguros, xestores de activos, fondos de pensións de emprego, empresas de investimento”. De aprobarse polo PE o PEPP, producirase un desvío de posibles cotizacións sociais que poderían aumentar os ingresos dos sistemas públicos de pensións a empresas privadas que obterán importantes beneficios.

ACORDOS

Solicitamos á Corporación Municipal deste concello a que:

Acorde dirixirse á Comisión Europea para a retirada desta proposta de Regulamento do PEPP.

Acorde dirixirse ao Goberno Español para que propoña e apoie a retirada desta proposta no Consello Europeo.

Acorde dirixirse aos Grupos Parlamentarios para que rexeiten dita proposta de Regulamento cando saia a debate na Comisión Europea.

Acorde dirixirse ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para pedirilles que estudie as medidas necesarias para que os sistemas públicos de pensións garanticen unas pensións dignas e suficientes.

Acorde dirixirse ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para que promovan a eliminación das desgravacións fiscais das aportacións aos fondos de pensións privados.”

Sr. Alcalde: Pola miña parte teño pouco que engadir, evidentemente o sistema

público de pensións está en perigo a nivel estatal e a nivel mundial. Houbo unha mobilización social que continua. Eu como alcalde o someto a este pleno, asumindo punto por punto as peticións que fai esta Coordinadora estatal pola defensa do sistema público de pensións, porque eu creo que neste momento hai fortes intereses tanto na Unión Europea como tamén no estado Español para que as pensións públicas que actualmente amparan, xa non só aos que durante toda a súa vida laboral contribuíron no seu momento e contribúen tamén agora a defensa dos sistemas públicos, se non que tamén aos que neste momento estamos cotizando, estamos dunha maneira apoiando aos que hoxe teñen unha pensión, pero tamén estamos apoiándonos a nós mesmos. Non estamos cotizando para cando teñamos unha pensión se non tamén para manter os servizos públicos dos que nos beneficiamos cando o necesitamos, que efectivamente estou falando do sistema público de saúde que quizais é a parte mais importante e a consecución mais importante que ao longo da Historia da Humanidade conseguimos, que é o sistema público de saúde e que é o sistema público de pensións.

Sr. Rodríguez Davila: entramos en debate con posicións diferentes en moitos aspectos, entón imos a ser comedidos ao respecto e o final o fin do mesmo creo que o compartimos todos outra, cousa é como conseguilo, pero o que aquí se trae non é iso, se non é un tema xenérico respecto dese posicionamento da Unión Europea e polo tanto nos estamos de acordo con esa cuestión. Como todos os asuntos poden ser cuestionables pero no fondo digamos o acordo que é o importante estamos de acordo e imos a apoiar o que se trae e se somete a votación a este pleno.

Sr. Alcalde: Partido Socialista.

Sra. Tourón Domínguez: está claro que hai unha mobilización social na rúa e non hai moito máis creo que hai que velar por garantir unhas pensións públicas e sobre todo que sexan dignas e suficientes e non avogar ás persoas a facer plans privados, bonificar ás empresas privadas para que a xente aforre. Para min é algo que está fora de lugar, creo que as pensións teñen que ser públicas e teñen que ser suficientes para vivir con dignidade, non me queda máis que recordar a barbaridade que dixo Celia Villalobos que quitando dous euros cada día se podía ter unha pensión digna, pois é desas cousas que a veces se din pero desde logo non se deberían dicir, e que son declaracións totalmente desafortunadas. Alégrome de que esteamos de acordo nun tema tan importante como este e o noso voto vai a ser a favor.

Sr. González Rodríguez: desde Movemento Salceda imos estar a favor desta moción non só no tocante á reclamación á Comunidade Europea para a retirada deste acordo que teñen previsto levar agora proximamente no mes de xuño para incentivar e recoller beneficios fiscais para os plans paneuropeos se non tamén para trasladar esas protestas que ten habido estes días na rúa e trasladar en defensa do sistema público de pensións que temos nos, que non se veña abaixo e que non se beneficien empresas que moitas veces adoitan ser as grandes financeiras e as grandes

especuladoras as que se fan con este tipo de plans de pensións privados e inda por riba reciben unha serie de beneficios e a veces aínda hai que rescatalas. Estamos ao cen por cen con esta proposta.

Sr. Rodríguez Davila: efectivamente hai moitas declaracións desafortunadas de moitas persoas de moitos representantes públicos de todas as cores, pero condenando esas manifestacións a veces o mais grave é cando un vota no parlamento, en fin, non quero entrar en debate pero creo que xa me entendeche. Imos a votar a favor.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda aprobar a moción presentada a petición do Movemento Galego para a Defensa do sistema Público de pensións (MODEPEN), grupo integrante da Coordinadora Estatal pola defensa de emprego público de pensións, en data 13/04/2018 con número de rexistro [2018-E-RPLN-19](#), sobre o produto europeo de pensións individuais (PEPP), adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Dirixirse á Comisión Europea para a retirada desta proposta de Regulamento do PEPP.
- 2.- Dirixirse ao Goberno Español para que propoña e apoie a retirada desta proposta no Consello Europeo.
- 3.- Dirixirse aos Grupos Parlamentarios para que rexeiten dita proposta de Regulamento cando saia a debate na Comisión Europea.
- 4.- dirixirse ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para pedirilles que estudie as medidas necesarias para que os sistemas públicos de pensións garanticen unas pensións dignas e suficientes.
- 5.- Dirixirse ao Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para que promovan a eliminación das desgravacións fiscais das aportacións aos fondos de pensións privados.

Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista en data 21.02.2018, número de rexistro [2018-E-RPLN-11](#) sobre a Igualdade efectiva entre mulleres e homes en materia de contratacións públicas.

“Para alcanzar o propósito de facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres e erradicar a discriminación por razón de sexo, non basta únicamente co compromiso dos organismos públicos, se non que resulta necesaria a súa promoción no ámbito das relaciónsda Administración coas empresas e particulares.

En materia de contratación pública é necesario, por iso, introducir cláusulas sociais

relativas á iguadade de xénero. No marco estatal, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes permite a todas Administracións Públicas (tame as municipais e autonómicas) que, a través dos seus órganos de contratación, poidan establecer ondicións especiais de execución dos contratos que celebren, co fin de promover a igualdade de xé ro no mercado de traballo (artigo 33).

Mesmo, os contratos da propia Administración Xeral do Estado e dos seus organiss públicos deberán incluír, entre as súas condicións de execución, medidas tendentes a promover igualdade efectiva entre mulleres e homes no mercado de traballo (art. 34 Lei 3/2007). A travéda consecución de obxectivos sociais na contratación pública lograrase promover a igualdade efeiva entre homes e mulleres por parte da Administración.

O Concello de Salceda de Caselas, como suxeito contratante, deberá esixir ás entidades privadas que promovan de forma real a igualdade de xénero. Esta será o mellor xeito de contribuír a unha efectiva igualdade entre homes e mulleres.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta esta moción para o seu deba e aprobación polo Pleno dos seguintes ACORDOS:

1.- O Pleno Municipal insta ao Alcalde a que no ámbito das súas compe ncias en materia de contratación, inclúa na cláusula relativa ás obrigacións laborais, sociais e ambientais, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, a obriga por part do contratista do cumprimento da normativa vixente en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo."

Sra. Tourón Domínguez: esta moción presentámola o 21 de febreiro e non se puida polas circunstancias daquel pleno debatir, é verdade que naquel intre as tres mocións que levabamos tiñan que ver en materia de igualdade, polas datas nas que nos estabamos movendo e aínda que decaeu a do 8 de marzo porque entendíamos que non tiña moito sentido traela nestas datas, si que as outras dúas que tiñamos metidas para aquel pleno en cuestión de materia de igualdade as queremos

Basicamente o que pedimos nos aquí e que está estipulado na lei e que non se fai, digamos de maneira específica, nos contratos que fai o concello en materia de contratación pública e que pedimos que se esixa ás empresas cláusulas específicas para que as empresas que traballan co concello cumpran a lei en materia de igualdade entre homes e mulleres. Iso é basicamente, resumindo, algo que consideramos esencial pois está ben que saiamos todos á rúa con lazos e que todos reclamemos e fagamos mobilizacións pero creo que ao final o que leva a que haxa esa igualdade real é que haxa medidas para que se faga efectiva, é iso basicamente o que pedimos.

Sr. González Rodríguez: desde Movemento Salceda non temos ningún inconveniente desde o goberno municipal a aplicar esta obriga aos contratistas naquelas cláusulas relativas aos contratos que se liciten. Efectivamente na Lei orgánica 3/2007 de igualdade efectiva entre homes e mulleres xa contempla que as administracións poden recoller no ámbito das súas respectivas competencias a través do seu órgano de contratación en relación coa execución dos contratos que se celebren, e poderán establecer condicións especiais co fin de promover a igualdade entre homes e mulleres no mercado de traballo de acordo co establecido na lexislación de contratos do sector público, é unha medida que está contemplada na lei e non temos obriga en facerlla contemplar nos pregos de condicións que se liciten para este concello. Votamos a favor desta moción.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista en data 21.02.2018, número de rexistro 2018-E-RPLN-11 sobre a Igualdade efectiva entre mulleres e homes en materia de contratacións públicas, adoptando o seguinte acordo:

O Pleno Municipal insta ao Alcalde a que no ámbito das súas competencias en materia de contratación, inclúa na cláusula relativa ás obrigacións laborais, sociais e ambientais, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, a obriga por part do contratista do cumprimento da normativa vixente en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

Moción que presenta o Grupo Municipal Socialista en data 21.02.2018, número de rexistro 2018-E-RPLN-12 para a equiparación salarial entre os diferentes corpos policiais.

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do concello de Salceda de Caselas desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN, baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado veñen garantindo, coa súa alta entrega e de forma eficaz, os dereitos e liberdades dos cidadáns, permitindo que a seguridade en España sexa un valor engadido para o noso benestar e a nosa economía. Debemos por iso reafirmar unhas vez máis, o noso recoñecemento e apoio ao labor que desenvolven.

A profesionalidade e o perigo inherente ao desempeño da actividade policial esixen e xustifican que tanto os policías nacionais como os gardas civís gocen dunhas retribucións dignas e acordes coa dificultade e o risco das súas funcións.

Esta profesionalidade reséntese cando policías e gardas civís advirten que non existe xustiza retributiva ao exporse graves discriminacións salariais con outros profesionais do noso sistema de seguridade pública.

Para loitar contra iso, o goberno socialista iniciou xa no ano 2005 coas organizacións sindicais da policía un programa de equiparación salarial a tres anos, que se estendeu aos gardas civís e que se viu interrompido pola grave crise económica que afectou á economía do país e á que solidariamente contribuíron todos os servidores públicos con recortes no seu salario.

Con todo, e vendo que actualmente o goberno considera que a situación económica de España mellorou notablemente, cremos necesario que se aborde novamente a equiparación salarial de gardas civís e policías, atendendo ademáis a una demanda unánime de anbis corpos, e que é perfectamente asumible nas contas públicas que debe presentar o Goberno nos próximos orzamentos.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Salceda de Caselas presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÖN instando ao Goberno de España a:

Expor nos próximos exercicios orzamentarios a progresiva equiparación salarial dos policías e gardas civís con outros corpos policiais de tal forma que no 2020 se alcance a equiparación total, dando así resposta á unánime demanda que todas as organizacións sindicais da policía e asociación da garda civil, están a expor en unidade de acción."

Sra. Tourón Domínguez: é verdade que desde que se presentou esta moción ao día de hoxe houbo certos acercamentos para incorporar aos orzamentos do Estado isto, pero a realidade é que aínda non hai orzamentos e que é un compromiso que o PSOE tamén a nivel Galicia acordou cos sindicatos policiais e de forzas de seguridade a nivel de todo o territorio nacional e nos. independientemente do que suceda con eses orzamentos. creemos que é outro tema de igualdade que hai que ter enriba da mesa.

Sr. González Rodríguez: efectivamente chega a este pleno un pouco desfasada esta moción porque recentemente no pasado mes de marzo, acordouse incluso se publicou no Boletín Oficial do Estado un acordo entre o Ministerio de Interior e as Organizacións representativas dos corpos da Garda Civil e da Policía Nacional no cal se acordou e se aprobou a equiparación salarial nun prazo de tres anos entre a Policía Nacional e Garda Civil e os resto dos distintos corpos de seguridade das Comunidades Autónomas que o teñen, neste caso é Euskadi e Cataluña. Tamén é certo que o contemplaban nos Orzamentos do Estado e no caso de non saír a diante, que serían aprobados cun Real Decreto Legislativo. Tamén mencionaban as contías, recollían quinientos millóns de euros para este exercicio 2018, e 2019 e 2020 en función de como evolucionasen os salarios das comunidades autónomas irían igualando ata

chegar a eses tres anos nos que se igualaba. Este é un tema que cada un pode opinar o que queira, tamén é certo que non é o mesmo nivel de vida que poida haber, pois non sei, en Extremadura que o que poida haber en Cataluña ou no País Vasco, a equiparación salarial aí máis ben sería beneficiar a uns e non a outros, o que é Garda Civil ou o que é Policía Nacional en Extremadura pois ao mellor tería máis poder adquisitivo que o que é mozo de escuadra ou eirtzanza no País Vasco ou en Cataluña, porque o nivel de vida é moito mais alto. A maiores, aí xa non sei exactamente o cen por cen o que poida haber de outro tipo de medidas e beneficios non económicos se non sociais que poida ter a Garda Civil e ao mellor os outros corpos non o teñen.

Sr. Rodríguez Davila: como se dixo aquí hai un principio de acordo, efectivamente si ese acordo se pode facer é porque as perspectivas económicas a pesar do que manifestedes son as que son. Loxicamente, como levamos manifestado e eu como portavoz de este grupo, en diferentes posicionamentos ao respecto, todo por suposto é opinable, case todo se pode cuestionar, pero hai cousas que son innegables. O que é innegable é que decrecer o 3% non é o mesmo que crecer o 3% e iso non o digo eu, iso é economía. Iso é o que permite moitas veces facer actuacións, seguramente algunhas erróneas, como todo, como cando non había o crecemento económico que hai, como cando había o crecemento dos anos 2005. 2006 e 2007. Case todo é cuestionable pero negar a evidencia e negar a realidade a veces custa e algúns lle custa recoñecelo pero é o que hai.

Non é o mesmo ter case seis millóns de parados que os que temos agora, non é o mesmo decrecer que crecer, non é o mesmo crear postos de traballo que destruír, non é o mesmo, evidentemente que haberá postos de traballo que loxicamente non son, claro que si, iso é ser coherente recoñecelo, pero máis incoherente é dicir o que eu escoitei e escoitamos todos hoxe aquí, non é o mesmo decrecer o -3% que crecer o +3% iso é economía iso é aumento dos presupostos do Estado, iso é riqueza, iso é reparto de beneficios entre a sociedade, iso é poder facer e implementar plans de toda índole e por iso se poden chegar aos acordos que chegou o Ministerio nesta petición.

Non comparto o que acabas de manifestar Sito, porque ao final un traballador público facendo a mesma función independentemente do seu territorio ten que cobrar o mesmo, outra cousa é que efectivamente o coste da vida nun sitio é diferente a outro, é certo, pero ao final ti es empregado público do Estado e ti tes que cobrar o mesmo independentemente de onde fagas o teu traballo, independentemente que teñas pluses por unhas condicións ou outras de situacións ou dentro do corpo e sexan rangos e responsabilidades diferentes. O mesmo traballo ten que ser nas mesmas condicións de onde fagas o traballo, polo tanto nos estamos de acordo, xa digo, chega tarde porque xa hai acordo, efectivamente vai ligado, porque así tamén o recoñecen os sindicatos, a que o crecemento siga, que a economía siga como está e en tres anos se implementará e o acordo é sustancial no aumento nas prestacións que van a percibir eses funcionarios públicos dos corpos de seguridade do estado, para

equiparalos coas policía autónomas que máis cobran. Pouco máis que dicir respecto ao noso posicionamento, o noso voto vai a ser a favor neste tema.

Sra. Tourón Domínguez: en canto ao que dixo o compañeiro do Partido Popular, si estou de acordo, un funcionario público que fai ese traballo ten que cobrar o mesmo, estea onde estea, tamén hai que lembrar que a Policía Nacional está por toda España, tampouco é o mesmo nivel de vida Madrid que Galicia e hai Policía Nacional en Madrid e hai Policía Nacional en Galicia. Eu creo que a equiparación polo mesmo traballo é xusta, é de xustiza. En canto a que as perspectivas son boas eu solo vou dicir un par de cousas, as perspectivas son as que son, é dicir, os pensionistas están na rúa, a xustiza está na rúa, os policía reclaman o seu, as mulleres están na rúa, etc, etc... crear emprego en condicións é unha cousa, crear emprego que non cheguen a fin de mes as persoas e que non lle dea para vivir non son mellorar as condicións de ninguén que vive en España. Estamos asistindo a soldos de catrocentos euros e un montón de horas, non ten nada que ver coa moción, non vou a entrar máis en debate pero se tan boas son as perspectivas económicas que o demostren nestes orzamentos do Estado e que o emprego de verdade que sexa o que ten que ser. Non pode ser que unha persoa se levante para traballar e que chegue a final de mes e non ter para pagar o transporte para poder chegar o seu traballo, iso non é crear emprego.

Sr. González Rodríguez: para que non se me entenda mal, eu desde logo que comparto igual traballo igual salario, pero e que non é o caso, a Policía Nacional e a Garda Civil claro que cobra o mesmo facendo o mesmo traballo estea en calquera punto no que estea, é o que quixen dicir, o que si outra cousa é, isto é como os convenios de sector, o convenio do sector da construción pois é mais alto en Cataluña porque o nivel de vida é mais alto que en Mérida que o nivel de vida é mais baixo, eu tamén respecto e comparto que igual traballo igual salario.

Sr. Rodríguez Davila: simplemente é unha frase e xa digo, podemos, como dixen antes, interpretar, cuestionar, por suposto, a todos nos gustaría que o Estado tivera pleno emprego, que todo o mundo cobraramos dous mil euros, claro, pero a realidade é a que é pero non de agora, antes, antes, e antes, pero mire, o resumen como lle dixen a unha persoa de Salceda fai un tempo é moi claro, xa digo, sen que se me entenda mal como que estou de acordo con todas as situacións do momento, que non, pero en termos xenerais é moi fácil entendelo. Xa digo e insisto, non estando de acordo con todo neste momento, no de fai catro anos, nin no de fai oito anos, no contexto global, pero o resumen é, cando goberna o Partido Socialista a esquerda non en España, en xeneral, pasa o que pasa e cando gobernan outros pasa o que pasa, creación de emprego e crecemento económico, decrecemento económico e destrución de emprego, iso é a historia, e é mais para que quede en acta, a historia volverase a repetir, subiremos e baixaremos, tempo ao tempo.

Sr. Alcalde: en todo caso falamos do reparto da riqueza non falamos de que governe a dereita ou non, porque cada vez ademais esta claro que a globalización non

depende de quen governe, todos o sabemos. Falando da moción porque se non, este debate é interesante pero botaríamos aquí miles de anos, e seguiremos debatendo o mesmo, uns diremos unha cousa e creemos nunha cousa e outros noutra, algúns dos países mais pobres do mundo están gobernados pola dereita e por ditadores de dereitas desde sempre e en democracia tamén, unha cousa non quita a outra.

Sra. Tourón Domínguez: hai Policías Nacionais destinados a Cataluña e a País Vasco, cobrando moito menos que a policía autonómica, facendo o mesmo traballo.

Sr. Alcalde: por matizar, porque creo que non se está entrando no cerne da cuestión e porqué razón uns cobran unha cousa e outros outra, hai dúas cuestións fundamentais: primeiro en España non hai dúas policía autonómicas, hai catro que son a Policía Autónoma Vasca a Policía Autónoma de Cataluña, hai a policía Foral de Navarra e hai a policía Canaria, que a veces distorsionamos vinculando o tema ao nacionalismo, aos movementos nacionalistas, hai esas catro policía, o resto, o Corpo Nacional de Policía está adscrito como policía autonómica que é o caso galego, por desgraza e algúns defendemos e incluso houbo acordos no seu momento a nivel estado, na Xunta de Galicia co goberno de Zapatero naquel momento, para a creación desa policía autonómica galega a que eu desde logo aspiro como galego a ter algún día, igual que teñen outras nacionalidades históricas que por desgraza pois non temos a día de hoxe por decisións basicamente coñecidas. Iso por unha banda, eses policía teñen unha autonomía baseada en dereitos históricos, aínda que se pretenda dicir, non é así, é dicir Cataluña o País Vasco, Navarra e Canarias, si o pode facer Galicia porque así llo permite a Constitución, poden ter policía autonómicas en base a súa autonomía, e despois non fan o mesmo traballo porque as competencias dos eirtzanzas ou tal non son os mesmos que os Corpos Nacional de Policía, son outras. Non digo que traballen mais ou menos, son outras, polo tanto non fan o mesmo traballo nin teñen a mesma función porque non teñen as mesmas competencias, e en todo caso as condicións laborais eu creo que os resumín ben, xa non so nos corpos nacionais de seguridade, ou sexa, é evidente que un administrativo, os administrativos en España non cobran todos igual e é froito da autonomía, sexa municipal, sexa autonómica, ou sexa estatal, digo un administrativo por poñer un exemplo. Polo tanto, poden facer o mesmo traballo pero despois dependes de convenios provinciais, estatais ou autonómicos e por último a parte do tema da autonomía, que non son privilexios son autonomía que emana da Constitución en defensa en moitos casos dos dereitos históricos, E que autonomías como Galicia poden decidir chegado o momento ter unha policía autonómica non adscrita ao Corpo Nacional de Policía.

Eu creo que o concepto que acabo de comentar de autonomía é fundamental e o concepto de competencias tamén é fundamental. Cando foi a transición decidiuse manter a Garda Civil cuns privilexios e dereitos históricos, digo privilexios en comparativa que non solo é o soldo, como o acceso a vivenda a casas cuartel que se respectou e que ninguén pode dicir tampouco neste caso que é un privilexio, é un

dereito que existía e que se respectou, e que se conservou. Polo tanto eu creo que non se pode comparar, nin de onde ven, que basicamente, en base as competencias que teñen non porque fagan o mesmo ou non fagan o mesmo, por que repito non fan o mesmo porque non teñen as mesmas competencias, emanan dunha autonomía, nin o son na forma, nin xuridicamente nin constitucionalmente, non o son, polo menos digamos as cousas claras e non fagamos comparativas que repito, neste caso non teñen nada que ver co que traballa cada un e deixa de traballar cada un. Eu respecto os acordos que haxan a nivel estatal, os representantes sindicais en caso da Policía Nacional e as asociacións no caso da Garda Civil porque non existe o sindicalismo porque é un organismo militar, defenden os seus intereses, presionan con todo o seu dereito e non imos discutir eses acordos que haxa .

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba a moción por SETE VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda, adoptando os seguintes acordos:

Instar ao Goberno de España a expor nos próximos exercicios orzamentarios a progresiva equiparación salarial dos policías e gardas civís con outros corpos policiais de tal forma que no 2020 se alcance a equiparación total, dando así resposta á unánime demanda que todas as organización sindicais da policía e asociación da garda civil, están a expor en unidade de acción.

Moción de data 26.04.2018 con número 2018-E-RPLN-27 que presenta o Grupo municipal Solicialista sobre a AP9 sobre a reforma da A55

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Salceda de Caselas desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN, baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pola súa situación, Salceda ten como conexión principal á cidade de Vigo a autovía A-55, con un grande volume de tráfico.

Servizos tan importantes como a asistencia hospitalaria teñen o seu enlace con Salceda a través da A55 e a AP9, vías que se atopan ambas en obras, supoñendo un estrangulamento para o desenvolvemento da actividade económica e social de Salceda e de moitos outros concellos da área metropolitana de Vigo.

O Ministerio de Fomento iniciou obras na A55, para mellorar a seguridade dunha das vías con maior índice de perigosidade de España, en outubro de 2015 cun prazo de

execución de 19 meses. Esta previsión levaba a que en maio de 2017 deberían estar rematadas, sen embargo, preto dun ano despois da fecha prevista de remate das obras seguimos sufrindo e observando accidentes, traballos estancados dende fai meses, sinalización de obras que parecen ter carácter permanente e tramos limitados a 60 km/h. Situacións todas etas, que provocan o estrangulamento da principal vía de comunicación dos cidadáns de toda a área metropolitana.

Esta situación, ven de ser denunciada por diferentes colectivos ó longo dos últimos meses que reclaman o remate das obras da A55 e a inmediata execución da nova autovía entre Porriño e Vigo.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta esta moción para o seu debate e aprobación polo Pleno dos seguintes ACORDOS:

1.- Rematar de xeito inmediato as obras de reforma da A55, garantindo a finalización de todos os traballos antes da segunda quincena do mes de xuño.

2.- Eliminar as peaxes da AP9 entre Vigo e Porriño, cando menos, mentres non exista unha solución que elimine os graves problemas de retención de tráfico existentes a día de hoxe, froito da insuficiente capacidade da vía actual.”

Sra. Tourón Domínguez: Creo que a moción é clara, non teño moito máis que engadir, os que traballamos na zona de Vigo e todos os que temos que facer uso das instalacións do Cunqueiro por exemplo, sabemos o que é ir en hora punta pola A55, a única estrada que nos pode evitar esa acumulación de tráfico e esas retencións é unha estrada de pago a nosa posición e a nosa proposta é que como mínimo sexa gratuíta mentres sigan existindo eses problemas na actual.

Sr. González Rodríguez: esta moción ten relación a unha que presentou Movemento Salceda xa no pleno no mes de xuño do ano pasado na cal, sendo quizás un pouco máis ambiciosos, nos pediamos naquela moción a gratuidade da AP9 desde Tui ata Rande, esa moción foi aprobada xa no seu día con unanimidade deste pleno e hoxe volvese a traer, ponse entre Vigo e Porriño, eu si se me permite e se me acepta ampliaría ata Tui, de Tui a Vigo, porque incluso non sei a xente da parte sur do Concello de Salceda incluso os de Soutelo ou os de Budiño, se poden acercar desde Tui. Rematar de xeito inmediato as reformas da A55, desde logo, xa levan anos suficientes nesas obras e que se rematen dunha vez. Eu ampliaría a moción a eliminar a peaxe desde Tui ata Vigo

Sra. Tourón Domínguez: pola nosa parte non hai problema para que se engada, a moción estaba baseada nos problemas que hai neste momento pero non temos problema e consideramos correcto ampliar ata Tui.

Sr. Rodríguez Davila: como dixo o concelleiro Sr. González Rodríguez, isto é unha

moción que trouxera no seu momento Movemento Salceda, nos fixemos unha emenda a esa moción que foi aceptada, onde pediamos entre outras cousas que iniciasen canto antes as obras da nova autovía, que é a que o vai a solucionar, e aquí podíamos facer como fai un momento fixen respecto do transporte metropolitano e da ¿De onde ven esta autovía? ¿Quen a deseñou? ¿Quen a executou? Está ben que se pida mellorala, por suposto que estamos de acordo, pero aquilo foi unha auténtica chapuzada, o amplío a todos os organismos, as corporacións que permitiron naquel momento iso, a Comunidade Autónoma, ao Estado, etc, etc...esa autovía inaugurouse no ano 1992, e planificouse desde o ano 1984 e 1985, a licitación sendo Ministro o Alcalde de Vigo actual e Secretario de Estado o ex presidente Emilio Pérez Touriño. Nos estamos de acordo por suposto, e naquela emenda que fixemos a esa moción lle plantexamos tamén que se instara ao Goberno de España a canto antes facer a solución definitiva que é a construción da nova autovía, que por certo, foi anunciada fai unhas semanas e que antes do 2021 ten que estar executada para entrar dentro do plans estratéxicos, cunha inversión de mais de cinco mil millóns de euros en estradas. O tempo dirá si é certo ou non, aí está nos documentos públicos e dentro duns anos veremos como está ese inicio de construción.

Na concentración que houbo no Concello de Mos eu estiven presente, non puiden asistir á marcha pero na concentración primeira si estiven, independentemente que por suposto hai cousas que un cidadán que é o que somos, independentemente que por un tempo ostentemos a representación neste caso nun concello non temos por que dicir a todo amen nin aplaudir todo o veña de quen veña, polo tanto iso é unha auténtica chapuza desde o inicio da mesma e loxicamente a paralización dos dous anos que case que leva por suposto que tamén. A resolución dun conflito que hai nunha vivenda alí en Tameiga non é a escusa para ter paralizada unha obra dous anos, tamén debido a parte da modificación do enlace onde están as gasoleiras en Tameiga, pero xa digo non quere dicir que por ese motivo teñamos que estar un ano e pico paralizadas as obras. Que foi unha chapuza desde o inicio iso é incuestionable, polo tanto igual que na outra moción vamos a votar a favor.

Sr. Alcalde: eu non sei si alguén sabe porque está paralizada, porque eu inda non sei porqué, sinceramente ninguén sabe porque é, porque houbo marchas pero eu non sei porque está paralizada, porque eu non o vin en ningún medio. Creo que a necesidade que ten a Área de Vigo desde hai moitos anos, e que é certo que houbo xuntanzas na época de Zapatero, era facer un túnel ata Porriño pero de tren, xa que por coche xa temos, solo hai que liberalizar a de peaxe e facer un enlace ferroviario de Vigo a Oporto, ese é o noso futuro, esa é a nosa salvación estratéxica. Todos sabemos como funciona este país e o palco do Bernabeu, esa é a realidade, é a que non se nos conta e por iso non se sabe por qué se enlaza,.

Como Alcalde de Salceda eu aposto precisamente polo que pon a moción, liberalizar a peaxe Puxeiros a Tui e xa estamos servidos, e a posteriori gastar eses millóns no enlace ferroviario, que hai un estudo informativo aprobado que pasa polo Cerquido e

que no seu momento se paralizou coa chegada de Mariano Rajoy e do Partido Popular no ano 2011. Esa é a realidade, ao mellor hai xente que coincide que non é así, pero iso vaise financiar con fondos estruturais europeos Sr. Rodríguez Davila, non vai a por un euro o estado Español. Eu non so digo que se elimine puntualmente o peaxe se non que se eliminara totalmente e xa estabamos servidos con autovía que nos enlaza todo o corredor atlántico, incluída a cidade de Vigo con Tui e con Portugal e sae infinitamente máis barato co que se vai facer. Estamos ca famosa autovía do 89, eu xa dixen polo que aposto, iso é unha vía secundaria o que non pode ser é unha vía principal, cada un ten a súa opinión.

VOTACIÓN: O Pleno municipal, por unanimidade de votos a favor, acorda aprobar a moción de data 26.04.2018 con número 2018-E-RPLN-27 que presenta o Grupo municipal Socialista sobre a AP9 sobre a reforma da A55, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Rematar de xeito inmediato as obras de reforma da A55, garantindo a finalización de todos os traballos antes da segunda quincena do mes de xuño.
- 2.- Eliminar as peaxes da AP9 entre Vigo e Tui, cando menos, mentres non exista unha solución que elimine os graves problemas de retención de tráfico existentes a día de hoxe, froito da insuficiente capacidade da vía actual.

Moción de data 22.02.2018 con número 2018-E-RPLN-13 que presenta o Grupo municipal do Partido Popular pola que se solicita o mantemento da figura de prisión permanente revisable.

“O Grupo Municipal no Concello de Salceda de Caselas, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a "prisión permanente revisable", prevista para delitos d extrema gravidade (asesinatos especialmente graves, crímenes contra la humanidade, xecidios, etc) onde os cidadáns demandan unha pena proporcional ao delito cometido.

Trátase dun instrumento que existe en moitos países da nosa contorna en gobernos de todo tipo de corte político; é unha institución coherente, que se incorpora be ao noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, sinálao claramente a Exposición de motivos desta Lei,

non renuncia á reinserción do penado, pois unha vez cumprida unha parte mínima da condena, "un Tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal".

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, di a Exposición de Motivos, "afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado". Unha vez cumprido o tempo mínimo da pena, "se o Tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios porque o penado poida recuperar a liberdade, fíxase un prazo para levar a cabo unha ova revisión da súa situación; e se, pola contra, o Tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establece un prazo de liberdade condicional no que se impoñerán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade, como a asistir ao penado nesta fase final da súa reinserción social".

Engade a Exposición de Motivos que "a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se dese ende do penado. Ao contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia unha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade, coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión".

Igualmente sinala que "se trata, en realidade, dun modelo estendido o Dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, pois declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Caso Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

A pesar de todo iso, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidade, recurso que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento algún sobre o fondo do asunto, aínda que algúns pretenden a derogación desta medida sen esperar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto e a abstención de Cidadáns, e só co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición non de Lei para a Derogación da Pena de Prisión Permanente Revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha

Proposición de Lei de Modificación da LO. 10/1995 do Código penal (Orgánica), que pretende derrogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións, son multitude os cidadáns que manifestaron o seu apoio ao mantemento da pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de todos os españois.

Por isto, o Grupo Partido Popular propón ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- manifestar o apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei Orgánica 1/2015, do 30 de inarzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

SEGUNDO.- Instar aos diferentes Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Ministro de Xustiza, aos Grupos Políticos do Congreso, Senado, do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP."

Sr. Rodríguez Davila: esta cuestión é mais que coñecida por todos os presentes, polo tanto o que pedimos é que o pleno da corporación se manifeste si esta de acordo en apoiar ou non a prisión permanente revisable, unha lei que ten todos os informes favorables de todos os consellos incluso ten voto a favor do Consello do Estado no que está o Señor Rodríguez Zapatero e a Señora Fernández de la Vega por exemplo. Volvo a dicir eso por suposto, que cada un pode votar unha cousa e logo pódese recorrer, e por iso temos os estamentos que temos, e que calquera cidadán pode exercer o seu dereito onde considere oportuno, faltaría máis, todas as leis se poden modificar e todas as leis se poden emendar, en moito casos se emendan para mellorar e outras máis ben se empeoran, en definitiva,

Creo que non hai máis que dicir, creo que está na actualidade, nos apoiamos esta lexislación como ben di é revisable, creo que temos que ter os mecanismos suficientes de garantía de que aquelas persoas en casos concretos, moi, moi concretos, se reinserten na sociedade con garantías plenas e aínda así seguro que terá informes e algún cometa algunha atrocidade, pero polo menos ter os mecanismos que minimicen esas posibilidades e que garantan que a sociedade poida estar tranquila de que persoas con delitos moi graves e casos moi excepcionais non se liberen co cumprimento da pena íntegra. Non é a cadea perpetua, é revisable, con profesionais ao respecto que verifiquen si esa persoa pode ser reinsertada na sociedade, e que polo tanto teñamos a seguridade, aínda que efectivamente nunca será plena porque ao final son persoas humanas as que van a avaliar a esas persoas,

pois poidan cometer erros lóxicamente. Pedimos que o pleno se manifeste ao respecto como se están manifestando moitos cidadáns do noso país.

Sr. González González: o que propón o Partido Popular de endurecemento de penas é recorrente, normalmente en todos os partidos da dereita é moi recorrente, non é certo que o Código Penal español sexa brando cos delitos nin moito menos, todos os xuristas din que é un dos códigos penais máis duros que hai en Europa, polo menos é un dos códigos penais máis duros. O Grupo Político de Movemento Salceda estamos totalmente en contra da cadea perpetua, ou da prisión permanente revisable como vos lle chamades, é unha cadea perpetua que se revisa de vez en cando, eu vouche ler o artigo da Constitución 25.2, a Constitución Española á que vos tanto defendedes ultimamente, o artigo 25.2 di que as penas privativas de liberdade estarán orientadas á reeducación e á reinserción social. Nunca a cadea perpetua nin a vinganza da sociedade coa persoa que comete o delito, por moi graves que estes sexan ou que as sentenzas non se adecúen bastante á gradación do delito. Hai que ter en conta o disposto no preámbulo da Lei superior que rexe a penitenciaría española, a Lei Orgánica Xeneral Penitenciaria. Por iso que o espírito da Constitución e da lei en xeral é o da reinserción e non o de a condena perpetua de ningún.

Sra. Ledo Souto: desde o grupo socialista non estamos de acordo con esa medida porque non soluciona o problema, de feito agora mesmo está en vigor e está habendo casos aberrantes e se están cometendo igual, non está impedindo que se delinca. Non podemos ir para atrás, sobre todo que é obriga do estado reinsertar aos presos. É a opinión que temos desde o partido.

Sr. Rodríguez Davila: non é permanente, vostede estivo hoxe na concentración diante do concello con respecto á sentenza de estes últimos días ¿estivo? Pois precisamente é o que se busca ¿Como vostede pode dicir que estando en vigor a lei hai casos que están sucedendo? Precisamente se hai casos de reincidencia é porque efectivamente non se lle aplicou a prisión permanente revisable ¿Como pode dicir iso vostede aquí? É falso, pero non pasa nada, pero esas persoas non foron condenadas ca lei actual respecto da prisión permanente revisable, foron condenados coa lei anterior a esta, seguramente moitos deses casos reincidentes que vostede está manifestando, seguramente non todos pero seguramente algúns, estarán tipificados na lei como prisión permanentemente revisable, precisamente para iso, para ter as garantías, e aínda así como dixen antes sendo coherente, porque somos humanos, seguramente algún condenado no futuro se segue en vigor esta lei, seguramente algún deses condenados con esta lei, será reinsertados porque así o consideran os informes que o avalen e cometeran seguramente, oxalá que sexa o mínimo, o mesmo delito. Imaxínese vostede se non temos esta lei en vigor, que precisamente garanten unha gran porcentaxe que a reinserción sexa con total garantías.

É un tema moi grave que a inmensa maioría de todas as cores políticas de cidadáns apoian, así está tendo o apoio que ten, pero xa digo alá cada quen coa súa conciencia

e alá cada quen co seu dereito a votar o que consideren, pero non é certo porque o di ben claro o texto da lei, non é pena perpetua, miren vostedes cantos países o teñen en vigor e pasaron por eses gobernos de todas as cores, de todos os países da Unión Europea, case todos teñen esa figura, oxalá que algúns ou algunhas non se teñan que arrepentir de apoiar este tipo de medidas. A sociedade é a que o demanda, temos todos os informes favorables que o acreditan, de momento amparados no que hai no resto de países que nos rodean, o noso voto é favorable á aplicación da prisión permanente revisable.

Sr. Alcalde: eu desde logo non lle desexo a ninguén 30 anos de cárcere, non podemos empoderar as vítimas e que iso supoña unha vinganza da sociedade ás vítimas. O nivel de reincidencia é mínimo e non podemos condenara o 98 % da xente que cumpre estando no cárcere porque cometeu, todos podemos cometer un erro en calquera momento, porque haxa un 2% de reincidentes. Hai que apoiar a vítima e o estado de dereito ten que funcionar, pero iso non pode ser a escusa para que a sociedade utilice a chantaxe,e repito, eu non lle desexo a ninguén, xa non digo trinta anos porque aquí ás veces falamos de cárcere para toda a vida como se fose un chiste e estar preso durante trinta anos non fose suficiente castigo, por moi delito que sexa, nin trinta, nin dez, nin un día. Por outra parte tamén en Estados Unidos hai pena de morte e non se soluciona, de todas maneiras respectable a moción e a defensa.

Sr. Rodríguez Davila: vostede está dicindo unha afirmación sacando de contexto total a realidade, a lei leva en vigor desde o 2015 ¿Cantas condenas hai con cadea permanente revisable? ¿Cantas hai? ¿Quen está desexando que unha persoa estea no cárcere trinta anos? O que se está plantexando con esa lexislación foi eses casos con informes médicos e forenses,etc..., que avalen que esa persoa non lle permite estar na sociedade, pero ¿Como imos a ter persoas no medio da sociedade que os informes non avalen que estean capacitados para estar na sociedade? o Partido Popular non está a favor nin da pena de morte, nin na cadea perpetua.

Sra. Ledo Souto: do que eu dixen, o único que podes dicir é que imos para atrás, o único que podes dicir ti é que non imos para atrás, pero que a obriga do Estado é a reinserción, pois a todos os niveis Santi, como sociedade hai que buscar unha solución, non podemos encerralos.

VOTACIÓN: Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción de data 22.02.2018 con número 2018-E-RPLN-13 que presenta o Grupo municipal do Partido Popular pola que se solicita o mantemento da figura de prisión permanente revisable e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, por CINCO VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal do Partido Popular e OITO VOTOS EN CONTRA dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, acorda REXEITAR A MOCIÓN.

C) ROGOS E PREGUNTA

Sr. Rodríguez Davila: o noso grupo leva presentado nos últimos meses varios rogos:

- Derrubamento do muro da pista que enlaza Pedrapinta parte de arriba con Loureiro na Picoña por problemas das chuvias destes meses.
- Acondicionamento das arquetas da estrada Pedrapinta Coto Picoña así como do Camiño das Besadas.
- Solución o perigo de derrubamento do poste da luz existente na pista municipal que une os barrios de Pedrapinta parte de arriba e Loureiro Picoña, segue no mesmo estado e ese poste vai a acabar caíndo.
- Mellora do acceso da canalizacións das augas fluviais na fonte da Xinceira en Pedrapinta, me consta que se desatascou o tubo pero o acceso hai que melloralo.
- Cambio e colocación dunha manguera de abastecemento de augas na rúa Rafael Tilve Adrio.
- Acondicionamento da carballeira da Fonte de Sabarís na parroquia de Santa María que me consta que se fixo naqueles días.
- Mellora da canalización do Regueiro de Lira en Picoña, e do asfaltado da estrada que por alí pasa.
- Substitución do poste de telefonía no barrio de Loureiro na parroquia e que a día de hoxe segue tendo un poste de telefonía agarrado a un piñeiro.
- Retirada dos maceteiros colocados na parte traseira do auditorio.
- Solicitamos mover o poste de diante da marquesiña de Budiño.
- Reciclar o cartón dos mércoros dos comerciantes.
- Mellora do aparcamento da Devesa.
- Mellora da pista municipal Centro Cultural Feira, me consta que a bachearon.
- Mellora do acceso ao pavillón do colexio Pedras Rubias.
- Mellora do tellado do Torrón CDL, é unha obra menor.

- Pedimos a mellora das bases para a aprobación de contedores, algúns están ben pero o de Budiño.

Pola nosa parte non hai ningún rogo máis.

Sra. Tourón Domínguez: Nos solo tiñamos un rogo que era a eliminación dun punto negro na parroquia de San Xurxo, este rogo presentámolo o martes para que se retirara de alí ese escombros que alí había, pero o que si que non se retirou da maneira mais axeitada, non podemos dar este exemplo aos veciños, ter un punto negro no medio das casas e que se queimen alí os restos, o que nos pedimos é que ese tipo de cousas non volvan a suceder en Salceda.

Sr. González González: as peticións de Santi efectivamente son da miña área e a maioría dos rogos están executados, o resto estamos con eles, o do poste de teléfono estivemos ca empresa para colocalo, é mais complicado xa que hai que falar ca central de telefónica e non te atenden.

En canto ao punto de residuos que temos na Bouzavedra, quitamos os permisos correspondentes de queima e íase eliminando pero os veciños están botando moito escombros entón imos a ordenar aquel espazo.

Sra. Pérez Pérez: Ese espazo o que se está intentando colocar en cada unha **das illas** do que se ten que tirar e onde se ten que tirar de maneira ordenada e se está deixando o número de teléfono para que nos chamen e facelo de maneira ordenada, e en canto aos restos que había alí algúns se retiraron.

Sr. Rodríguez Davila: fai uns meses viu a este pleno unha moción que a presentaran o grupo socialista en canto á climatización da Galiña Azul, sabemos que chega o verán outra vez, e queriamos saber se deron traslado ao Consorcio para a climatización, descontando da aportación que se lle fai ao consorcio a realización da obra.

Sra. Pérez González: xa levan saído varias solicitudes para a climatización ao Consorcio, ata o de agora sen resposta, non nos responderon, e a directora tamén foi solicitalo directamente ao Consorcio, non lle responderon, se lles manda as nais directamente e si lles responderon e mándanlles recado ao concello. Efectivamente o que lles responderon foi que si o concello acomete esa instalación que se lle descontará na próxima liquidación. Totalmente de acordo co recado, agora, as formas me parecen cando menos absurdas e ridículas e sen ningún sentido. Evidentemente nos non podemos actuar en base a un recado que se trae, entón evidentemente nos poñemos en contacto co Consorcio e falei persoalmente co xerente e se ratifica nesa proposta, nos piden que nos encarguemos nós de todo porque o teñen complicado para actuar no capítulo seis e os dos concellos témolo chupado para investir no capítulo seis. Iso foi estes días, a reunión coa Anpa foi a semana pasada que foi cando

nos trasladan esta novidade, os nosos equipos técnicos están vendo cos equipos técnicos do Consorcio, están vendo a mellor opción e a mellor fórmula ea partir de aí, de cal sexa a mellor fórmula, depende cal sexa o plantexamento coa nova lei de contratos, digo isto porque eu desde logo non vou a dicir nin vou a asegurar que este verán vai a estar resolta a cuestión porque como ben dixo a Xunta facédeo vos que nos non somos capaces. Nos imos facelo, evidentemente non vou a dar un prazo nada máis dicir que os equipos técnicos xa están traballando na cuestión en canto teñamos a proposta enriba da mesa se lle mandará ao Consorcio que foi no que quedei con eles, para que eles nos dean o seu ok, e seguiremos para adiante.

Sr. Rodríguez Davila: nos como temos bastantes preguntas imos a presentalas por escrito e xa está, facémolo por escrito, non hai ningún problema.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE